

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 19

SESION ORDINARIA DO 26 DE SETEMBRO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Oliveira, Santiago
Velooso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Bravo Bosch, M^a José
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, M^a Elvira
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e seis de setembro do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Oliveira, Egerique Mosquera (con atraso), Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Font, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D, José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en

sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Bos días, señoras e señores concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello en sesión ordinaria, coa convocatoria que obra en poder dos señores e señoras concelleiros de data 22 de setembro. Ábrase sesión pública. Constátase quórum.

PARTE RESOLUTIVA

1.- (201).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓN 26.07.11)

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular, Sra. Egerique Mosquera).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno que tivo lugar o día 26 de xullo de 2011.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se formularon.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1.- (202).- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA. EXPTE. 315/1101.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido polo secretario xeral do Pleno con data 14 de setembro de 2011:

S.Ordinaria 26.09.11

“Mediante resolución de data 06.07.2011 a Alcaldía, a proposta do voceiro do grupo municipal do Partido Popular, resolveu que a Concelleira, D^a TERESA EGERIQUE MOSQUERA exerza as funcións correspondentes ó seu cargo en réxime de dedicación exclusiva.

En datas de 13.07.2011 e 9.08.2011 entraron no Rexistro Xeral escritos da concelleira solicitando a compatibilidade das súas funcións coas que, como Profesora asociada T3 P3, desenvolve na Universidade de Vigo. No expediente consta informe favorable da Universidade e escrito onde consta o horario -dedicación parcial- da concelleira como profesora asociada.

Corresponde a esta Secretaría Xeral do Pleno o asesoramento legal do Pleno, dos seus concelleiros e das súas comisións, art. 122.5.e) da LBRL, e en virtude disto emítense o seguinte,

INFORME

A normativa legal aplicable para a determinación das incompatibilidades retributivas dos membros das corporacións locais ven contida na LBRL e no artigo 13.2 do ROFRJEL que se refire a ocupacións marxinais debéndose entender agora por estas as previstas no artigo 19 da Lei 53/1984. A LBRL, no seu artigo 75.1 sinala: *“Os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con **dedicación exclusiva ... a súa percepción será incompatible** coa doutras retribucións con cargo os orzamentos das Administracións públicas [Universidade] e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes ... todo isto nos termos da Lei 53/1984, do 26 de novembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas”*.

Chama a atención a remisión que a LBRL efectúa á LIPSAP dado que esta, como se deduce da súa mesma denominación e como se infire da lectura do seu artigo 1 -no que se delimita o seu campo de aplicación-, non é aplicable ós cargos electivos pois estes non teñen a condición de persoal ó servizo das Corporacións Locais, son representantes dos cidadáns e, como tales, teñen o seu propio estatuto.

Non obstante a remisión da LBRL á LIPSAP debe ser concibida como unha ampliación do campo de aplicación desta, como unha modificación encuberta do seu artigo 1, debéndose aplicar ós membros das Corporacións Locais o mesmo réxime de incompatibilidades retributivas dos empregados públicos.

O artigo 4.1 da LIPSAP sinala que o persoal ó servizo das administracións públicas, cumpridas as restantes esixencias da Lei, pode obter a autorización de compatibilidade para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como Profesor universitario asociado en réxime de dedicación parcial e con duración determinada. Pois ben, a mesma posibilidade de autorización de compatibilidade debe presumirse respecto dos membros das corporacións locais que desempeñen

o seu posto en réxime de dedicación exclusiva.

Respecto das “restantes esixencias da Lei”, artigo 7.1 LIPSAP, esta Secretaría Xeral do Pleno ten comprobado que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supera a retribución prevista nos orzamentos serais do Estado para o cargo de director xeral, nin supera a retribución que a concelleira percibe pola a súa dedicación incrementada nun 30 %.

Corresponde ó Pleno, órgano supremo do goberno do Concello, determinar o número de concelleiros en réxime de dedicación exclusiva ou parcial e fixar o importe das súas retribucións, artigo 75.2 LBRL, esta competencia leva implícita a autorización das compatibilidades laborais e retributivas dos concelleiros.

CONCLUSIÓN

Non existe impedimento legal para que o Pleno do Concello autorice a compatibilidade á concelleira D^a TERESA EGERIQUE MOSQUERA, que desenvolve o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva, co seu posto de *Profesora universitaria asociada T3 P3* na Universidade de Vigo.”

Polo anteriormente exposto, o secretario xeral do Pleno emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

(No momento da votación está ausente a concelleira do Grupo Popular, Sra. Egerique Mosquera)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Autorizar a compatibilidade da concelleira D^a TERESA EGERIQUE MOSQUERA, que desenvolve o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva, co posto de *Profesora universitaria asociada T3 P3* da Universidade de Vigo, Facultade de Ciencias Sociais.

Segundo.- A autorización outorgada non poderá ir en detrimento da súa dedicación na Corporación.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada e a Universidade de Vigo (Servizo de Persoal Docente e Investigador).

Neste intre se incorpora á sesión a concelleira do Grupo Popular, Sra. Egerique

Mosquera.

3.2.- (203).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/11, CRÉDITO EXTRAORDINARIO, PARA A ADQUISICIÓN DUNHA LAVADORA INDUSTRIAL PARA VIGOZOO. EXPTE. 3344/12 (279/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2011, o director de Réxime Interior do organismo autónomo municipal VigoZoo, formula o seguinte informe-proposta:

“A sala de Limpeza de VigoZoo componse dunha lavadora e secadora industriais para o lavado diario dos uniformes do persoal do organismo, cuxo bo funcionamento é necesario para o correcto desempeño das funcións laborais e o cumprimento das normas de prevención de riscos laborais e sanitarias.

Segundo comunicación do capataz da avaría xurdida na lavadora que provocou a súa inactividade desde hai aproximadamente un mes e postos en contacto coa empresa encargada do seu mantemento -NOVOFRI-, os seus técnicos consideran que o rotor da lavadora atópase inservible e que a súa substitución leva aparellada a substitución total da peza.

Considerando que, unha vez consultado o orzamento de reparación da avaría, o seu importe ascenda a preto de 5.000 €, cantidade que se aproxima ao custo de adquisición dunha lavadora nova cuxo custo ascende a 6.100 € máis IVE, o que aconsella a adquisición dun novo modelo coa vantaxe que iso levaría -prazos de garantía, innovacións tecnolóxicas, maior carga de lavado...-.

Este gasto ten a consideración de necesario e urxente sen que poida demorarse ata o exercicio seguinte, ante o cal se propón a incoación do seguinte expediente de modificación de créditos pola vía de crédito extraordinario por importe de 7.198 €, ao non existir partida orzamentaria adecuada para tal finalidade:

Primeiro.- Aplicación de gastos a minorar:

APLICACIÓN	CONCEPTO	CRÉDITO A MINORAR
3390.2120002	Obras e reparacións	7.198,00

Segundo.- Aplicación de nova creación dentro do orzamento:

APLICACIÓN	CONCEPTO	CRÉDITO A CONSIGNAR
3390.6230000	Adquisición de lavadora	7.198,00

En canto á partida susceptible de minoración acredítase por parte desta dirección que a mesma é reducible en tal contía, sen que iso supoña perturbación ou alteración no normal funcionamento do Parque VigoZoo.”

Na mesma data do 1 de agosto, a presidenta de VigoZoo resolve de conformidade co anterior proposta.

O interventor xeral municipal, en data 1 de agosto, emite o seguinte informe:

Incoado por resolución da presidenta do OO.AA. Parque das Ciencias Vigo-Zoo de data 1 de agosto do ano en curso, tivo entrada nesta Intervención Xeral, expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 01/2010, que se financia con cargo a baixas de créditos de gastos de partidas do orzamento vixente e presentada a proposta de modificación acompañada da memoria xustificativa que se inclúe na propia resolución de incoación, o funcionario que subscribe, en cumprimento do ordenado polos artigos 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 37.3 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril e 4.1.g) do Real Decreto 1174/87, do 18 de setembro, de Réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional (na calidade estatal), emítase o seguinte informe:

1.- Lexislación aplicable.

O expediente que se tramita contén un crédito extraordinario por importe de 7.198,00 euros.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulada nos artigos 177 do Real Decreto Legislativo 2/200, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL) e 34 e 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, así como na Base 8a das de execución do orzamento vixente. As baixas por anulación que por importe equivalente ao crédito extraordinario a habilitar de 7.198,00 euros propóñense como medio de financiamento neste expediente, atopan a súa regulamentación no artigo 177.4 TRLRHL e artigos 36.1.c) e 49 a 51 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

2.- Descrición da modificación de crédito proposta.

A normativa que se ven citando, esixe unha serie de requisitos que deben reunir os gastos para os que se proxecta este tipo de modificación de créditos. En síntese, tales requisitos concretanse en que os gastos deberán ter carácter específico e determinado, non podéndose demorar para o exercicio seguinte.

Así mesmo, debe cumprirse a premisa da non existencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado á finalidade específica á que se orienta o gasto a realizar no nivel establecido na vinculación xurídica (bolsa de crédito), non podendo ser obxecto de ampliación.

Pois ben, a resolución da presidenta do OO.AA. que ordena a instrución do expediente que se informa, inclúe a partida orzamentaria a crear ex novo ("Adquisición de lavadora"), facendo referencia ás necesidades que se proxecta atender coa modificación que se propón.

En concreto, o crédito extraordinario por importe de 7.198,00 euros, ten como finalidade a adquisición de un ben de investimento, isto e, unha lavadora industrial con destino a sala de limpeza do organismo.

3.- Recurso financeiro empregado.

Proponse como medio de financiamento deste expediente de modificación orzamentaria, a minoración dos créditos da aplicación orzamentaria 3390.2120002, "Obras e reparacións", pola repetida contía de 7.198,00 euros.

As baixas por anulación como medio de financiamento admítense nesta modalidade de modificacións orzamentarías, suplementos e habilitación de créditos extraordinarios, polos artigos xa citados 177.4 TRLRHL e 36.1.c) e 49 a 51 Real Decreto 500/90, do 20 de abril, así como na base 12a das de execución dos orzamentos municipais vixentes.

En observancia de tales preceptos podemos sinalar que se cumpre o requisito requirido por esta normativa de que se xustifique polo servizo que a anulación ou baixa, en este caso parcial, do crédito orzamentario, ao indicarse de forma expresa que é factible a anulación sen que iso ocasione perturbación no funcionamento operativo do servizo ao que se atopa adscrita a dotación a dar de baixa; non se fai mención no expediente de forma expresa ao segundo requisito que establece a normativa para que a utilización deste recurso sexa factible, isto é, que os créditos a dar de baixa non se atopen comprometidos. Tal omisión validase neste informe ao comprobarse que efectivamente os créditos a dar de baixa non se atopan nesta fase de execución de gasto.

Polo demais, de acordo co artigo 49 do Real Decreto 500/90, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación das baixas por anulación de créditos, polo que a proposta de acordo que se eleve ao órgano colexiado debe recoller expresamente esta previsión.

Doutra banda, tendo en conta que os importes da modificación de créditos proposta e o dos recursos financeiros empregados son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

4.- Estabilidade orzamentaria.

En canto á incidencia que produce o expediente que se informa sobre os orzamentos municipais por aplicación do Real Decreto Lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, informamos que de conformidade co artigo 3.1 de dita norma legal, as entidades locais que produzan bens ou presten servizos que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais suxeitaranse ao principio de estabilidade nos termos previstos no artigo 19 da propia Lei, establecendo este último precepto que por estabilidade orzamentaria se entende a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

En igual sentido o artigo 4 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, no seu artigo 4 dispón que o grupo de entidades locais mencionados anteriormente aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

En canto ás consecuencias do incumprimento deste principio de estabilidade orzamentaria, recóllense no artigo 22 da Lei e consisten, de non se alcanzar tal obxectivo, na obriga de aprobación polo Pleno da Corporación, no prazo de tres meses, dun plan económico-financeiro de re-equilibrio a un prazo de tres anos. En igual sentido o artigo 19 do Real Decreto 1463/2007.

Tendo en conta a natureza de gasto non financeiro do crédito extraordinario que se propón habilitar e a análoga natureza do gasto correspondente aos créditos cuxa baixa parcial se propón, o efecto deste expediente de modificación orzamentaria en termos de estabilidade é inocuo.

5- Tramitación e aprobación do expediente.

Segundo os artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación aos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contenciosos-administrativos aplicables aos orzamentos, é dicir:

- 1.- Proposta con memoria xustificativa do Presidente.
- 2.- Informe preceptivo do Interventor.
- 3.- Ditame da comisión informativa competente, preceptivo a teor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.
- 4.- Aprobación provisional polo Pleno Corporativo.
- 5.- Non atopándose previsto ningún quorum especial para a aprobación destes

- expedientes de modificación de créditos, será suficiente a maioría simple dos votos a favor (artigo 47 da Lei 7/1985).
- 6.- Exposición ao público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante dito prazo ante o Pleno.
 - 7.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva.
 - 8.- O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserido no "Boletín Oficial" da Provincia, ademais de no taboleiro de anuncios da Corporación.
 - 9.- Da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito definitivamente aprobada remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao "Boletín Oficial" a que se refire o apartado anterior.
 - 10.- Contra a aprobación definitiva da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición, se ben a interposición do recurso non suspenderá por si só a aplicación do crédito extraordinario e suplemento de crédito.

A modificación entrará en vigor unha vez se produza a publicación indicada no apartado 8 anterior, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación. Conforme á Base 8a das de execución do orzamento municipal vixente, os compromisos de créditos deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRHL, unha copia do orzamento e de todas as súas modificacións debe permanecer a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio."

A comisión informativa de Economía e Facenda e Educación, en sesión do 19 de setembro, ditaminou favorablemente o presente expediente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos

membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria núm. 1/2011, crédito extraordinario para adquisición dunha lavadora industrial para organismo autónomo municipal Parque das Ciencias, VigoZoo, por importe total de 7.198,00 euros, coas aplicacións que se sinalan no informe proposta que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- En cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Terceiro.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Cuarto.- De presentarse reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

3.3. (204).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 27/1101, SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO REGULARIZACIÓN DO CADRO DE PERSOAL. EXPTE. 8215/77 (189/1101).

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do 28 de abril de 2011, aprobou inicialmente a modificación de crédito núm. 27/2011 para regularización do cadro de persoal por un importe de 527.345,01 euros na forma que se detalla no devandito acordo.

S.Ordinaria 26.09.11

O xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, coa conformidade do concelleiro delegado de Xestión Municipal e máis da concelleira delegada de Economía e Facenda, informa do que segue:

“Unha vez aprobada a modificación orzamentaria e o cadro de persoal polo Pleno da Corporación, e en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someteuse a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales se interpuxeron as reclamacións que posteriormente se relacionan.

Aos efectos de tramitación e conforme establece o Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de las Facendas Locais”, no seu artigo 177 “Créditos extraordinarios e suplementos de crédito”, a tramitación do expediente realizarase con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os presupostos. Serán do mesmo xeito de aplicación as normas sobre información, reclamación e publicidade dos presupostos a que se refire o artigo 169 da mesma Lei.

As alegacións contra a modificación orzamentaria número 27/2011, suplemento de crédito e crédito extraordinario presentadas, deberán estar relacionadas coas establecidas no artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de las Facendas Locais:

“2.- Unicamente poderán presentarse reclamacións contra o presuposto:

- a) Por non se ter axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos na Lei.*
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.*
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.”*

Durante o prazo establecido para a interposición de reclamacións se presentaron as reclamacións que deseguido se relacionan:

1.- As presentadas o 03/06/2011 no Rexistro municipal de entrada co número 110082995, por D. Xosé Alberte Cea Rodríguez, dona María Belén Pérez Freire, dona Eva María García Barbosa e dona Elisa Casal Prieto, nas que se aprecia:

- a) Aos recorrentes se lles aprecia lexitimación activa como interesados para presentar as reclamacións conforme ao establecido no artigo 170.1 do RDL 2/2004.
- b) Non se pode admitir a alegación PRIMEIRA por canto na reclamación presentada, aínda que se fai referencia aos créditos necesarios, “*nin os*

créditos xerados, nin as novas prazas creadas cobren a totalidade dos traballadores cuxa relación laboral ten sido xudicialmente declarada como indefinida", non indica os créditos que serían necesarios para cubrir "as obrigacións esixibles por sentencias xudiciais firmes", nin as sentencias das que alega unha posible falta de crédito.

- c) Con relación ás alegacións SEGUNDA e TERCEIRA, as mesmas non poden ser admitidas por canto o seu contido non garda relación cos obxectos de reclamacións establecidas no artigo 170.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo do texto refundido da LRFL.

2.- As presentadas o 03/06/2011 no Rexistro municipal de entrada co número 110083095, por dona Ana M^a Mouriz Martínez, dona Susana González Torres, dona Mónica López-Coronado Carnero e dona M^a Carmen Mouriño Barros, nas que se aprecia:

- a) Ás recorrentes se lles aprecia lexitimación activa como interesadas para presentar as reclamacións conforme ao establecido no artigo 170.1 do RDL 2/2004.
- b) Con relación ás alegacións PRIMEIRA, SEGUNDA, TERCEIRA e CUARTA, as mesmas non poden ser admitidas por canto o seu contido non garda relación cos obxectos de reclamacións establecidas no artigo 170.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo do texto refundido da LRFL.

3.- As presentadas o 04/06/2011 no Rexistro municipal de entrada co número 110083177, por dona Begoña Estévez Rodríguez, dona Eva María Magadán Mompó, dona Raquel Nudez Hernández, dona María Emilia González Rodríguez e dona Marta de la Cruz Álvarez, nas que se aprecia:

- a) Ás recorrentes se lles aprecia lexitimación activa como interesadas para presentar as reclamacións conforme ao establecido no artigo 170.1 do RDL 2/2004.
- b) Con relación ás alegacións PRIMEIRA, SEGUNDA, TERCEIRA, CUARTA, QUINTA, SEXTA, SÉTIMA, OITAVA, NOVENA, DÉCIMA, UNDÉCIMA e DUODÉCIMA, as mesmas non poden ser admitidas por canto o seu contido non garda relación cos obxectos de reclamacións establecidas no artigo 170.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo do texto refundido da LRFL.

4.- As presentadas o 03/06/2011 na oficina de Correos, sucursal 5 de Vigo, e tramitadas polo Rexistro municipal de entrada co número 110083354, por don José Antonio Muíños Acuña, nas que se aprecia:

- a) Ao recorrente se lle aprecia lexitimación activa como interesado para presentar as reclamacións conforme ao establecido no artigo 170.1 do RDL 2/2004.
- b) Con relación ás alegacións PRIMEIRA, SEGUNDA, TERCEIRA e CUARTA, as mesmas non poden ser admitidas por canto o seu contido non garda relación cos obxectos de reclamacións establecidas no artigo 170.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo do texto refundido da LRFL."

Polo anteriormente exposto o funcionario informante propón desestimar as anteriores alegacións polos motivos expostos no informe transcrito anteriormente.

O interventor xeral, en data 12 de xullo de 2011, informa do que segue:

“O Pleno da Corporación, en sesión realizada o día 28 de abril do ano en curso, adoptou acordo de aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria número 27/2011 e así mesmo acordou deixar sen efecto o acordo adoptado por este mesmo órgano colexiado en sesión do 31 de xaneiro, relativo á aprobación provisional do expediente de modificación de créditos orzamentarios número 2/2011.

O expediente de modificación de créditos número 27/2011, sobre o que recaeu acordo de aprobación, e no que se dotan créditos extraordinarios e suplementos de crédito por importe total de 527.345,01 euros, ten por finalidade procurar a cobertura orzamentaria necesaria para a regularización de sentenzas recaídas en relación co persoal e a súa declaración xudicial como indefinidos.

Conforme ao artigo 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, estes expedientes están sometidos ás mesmas normas sobre publicación, reclamacións e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 do propio corpo legal.

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 94 do 18 de maio do ano en curso, foi inserido edito relativo á aprobación provisional polo Pleno da Corporación do expediente de modificación orzamentaria número 27/2011.

Transcorrido o prazo previsto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, consta no expediente terse presentado un total de catro reclamacións, segundo se acredita por certificado do 8 de xuño do ano en curso emitido polo Titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, que igualmente figura incorporado a aquel:

1.- Reclamación de data 03.06.2011, presentada no Rexistro de Entrada co número 110082995 por D. Xosé Alberte Cea Rodríguez, dona María Belén Pérez Freire, dona Eva María García Barbosa e dona Elisa Casal Prieto.

2.- Reclamación de data 03.06.2011, presentada no Rexistro de Entrada co número 110083095, por dona Ana María Mouriz Martínez, dona Susana González Torres, dona Mónica López-Coronado Carnero e dona María Carmen Mouriño Barros.

3.- Reclamación presentada o 04.06.2011, no Rexistro Municipal de Entrada co

número 110083177, presentada por dona Begoña Estévez Rodriguez, dona Eva María Magadán Mompo, dona Raquel Núñez Hernández, dona María Emilia González Rodriguez e dona Marta da Cruz Alvarez.

4.- Reclamación presentada o 03.06.2011, na oficina de Correos sucursal 5 de Vigo e tramitadas polo Rexistro Municipal de Entrada co número 110083354 por D. José Antonio Muíños Acuña.

Remítese agora a esta Intervención Xeral, proposta de acordo ao Pleno da Corporación das reclamacións presentadas que constan no expediente, que formulan conxuntamente as concellerías delegadas de Emprego, Participación cidadá e Voluntariado, Mobilidade, Transporte e Xestión Municipal; e Economía, Facenda, Patrimonio e Educación.

Examinada a devandita proposta, así como a documentación e informes en que se fundamenta, procede a emisión do seguinte informe:

O artigo 170 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, regula o réxime de reclamacións ao proxecto de orzamentos das entidades locais, e por extensión ás modificacións orzamentarias de competencia plenaria, reclamacións que, nalgúns aspectos, resultan semellantes a un “recurso de reposición” despois de que se interpón ante o Pleno que deu a súa aprobación ao expediente orzamentario.

O apartado primeiro do precepto legal citado fai referencia á lexitimación activa para a presentación de tales reclamacións, lexitimación que se expón en termos distintos á que resultaría de aplicar a lexitimación procesal pertinente atendendo á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa unha vez se proceda á aprobación definitiva do orzamento. En efecto, o apartado tamén primeiro do artigo 171 do RD Legislativo 2/2000, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas de devandita xurisdición.

A regulación da lexitimación activa en vía administrativa para formular reclamacións á aprobación provisional do proxecto de orzamento, prevista no primeiro dos preceptos legais indicados, contempla tres categorías de interesados: os habitantes no territorio da respectiva entidade local, debéndose entender por tales aos habitantes de dereito, en segundo lugar os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade local, é dicir, aqueles que puidesen ser titulares dun interese propio particular distinto do de calquera outro cidadán e finalmente e en terceiro lugar faise mención dentro desta lexitimación na vía administrativa para reclamar contra os orzamentos municipais a unha serie de entidades (colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións) que desde a súa condición pública ou privada, poden defender intereses profesionais, económicos e/ou veciñais no ámbito do territorio municipal.

Pois ben, tendo en conta o exposto e á vista das reclamacións expostas relacionadas no expediente, podemos deducir que en termos xerais todas elas cumprirían este requisito de lexitimación activa, atopándose os reclamantes nalgunha das categorías de interesados antes enunciadas.

Doutra banda e en segundo lugar, debe terse en conta que o apartado segundo do citado artigo 170 do RD Legislativo 2/2000, do 5 de marzo e o mesmo apartado do artigo 22 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas locais, enumera os motivos taxados nos que procede a presentación destas reclamacións en vía administrativa.

Un primeiro motivo polo cal unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento, vén determinado, a teor dos preceptos indicados anteriormente, por non terse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Con respecto a esta posibilidade debemos indicar que existe unha doutrina xurisprudencial a teor da cal a existencia de vicios formais na elaboración e aprobación do orzamento deben ser o suficientemente graves como para anular o mesmo na súa integridade, xa que de apreciarse un vicio que determinase a súa anulabilidade e non a nulidade radical, habería de aplicarse o “principio de conservación de actos”.

En segundo lugar, a Lei impón ás Entidades locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigacións xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obrigación, que supón unha excepción á regra xeral do efecto autorizante do orzamento, como consecuencia da preexistencia do recoñecemento obrigacional, é preciso que a obrigación sexa “esixible”, isto é, que se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade. E é por iso que o indicado artigo 170 do RD Legislativo 2/2000, de 5 de marzo, recolle un segundo suposto polo cal só permite a impugnación dos orzamentos por omisión de créditos para o cumprimento de obrigacións cando estas son “esixibles á Entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo”.

Finalmente e en terceiro lugar, un último motivo taxado de reclamación contra un orzamento dunha Entidade local constitúeo a insuficiencia dos ingresos en relación aos gastos presupostados e destes respecto das necesidades derivadas do exercicio das competencias municipais. Agora ben, o repetido artigo 170 do RD Legislativo 2/2000, soamente permite a reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas”, pois outra cousa suporía limitar arbitrariamente as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local. Por outra banda, habería que distinguir entre os gastos de funcionamento dos servizos de carácter obrigatorio que serían os servizos mínimos municipais do artigo 26 da Lei de Bases do Réxime Local e os de carácter potestativo dos que non cabe predicar a súa preceptividade.

Realizadas as consideracións que antecede sobre estes motivos taxados previstos na normativa vixente aos que inexorablemente deben axustarse as reclamacións presentadas á aprobación inicial dos orzamentos Xerais para o exercicio económico do 2011, podemos concluír o seguinte:

En primeiro lugar, apreciamos que na proposta de resolución que se somete a informe, determinadas alegacións se desestiman en base a que non son susceptibles de ser encadradas dentro dos tres motivos taxados expostos anteriormente, en tanto que respecto doutra reclamación, aínda non correspondéndose cos motivos de impugnación previstos legalmente, declárase admisible pero se desestima por falta de concreción respecto das resolucións xudiciais, xa que logo, as obrigacións esixibles ás que non alcanzaría a modificación orzamentaria obxecto de reclamación.

Esta Intervención Xeral comparte os fundamentos recollidos na proposta que a sustentan, polo que se informa favorablemente respecto dos aspectos de fondo da proposta.

Polo demais e conforme ao previsto no artigo 169 e 171 do RD Legislativo 2/2000, infórmase o seguinte:

O Pleno dispón do prazo dun mes para resolver as reclamacións que se presenten contra o orzamento, contándose este último prazo a partir do día seguinte ao de finalización da exposición ao público e considerándose as reclamacións denegadas, en calquera caso, se non se resolvesen expresamente no acto de aprobación definitiva (artigo 20.1 Real Decreto 500/90, do 20 de abril).

O quorum necesario é o mesmo que o requirido para a aprobación inicial, isto é, con carácter xeral o de maioría simple.

O orzamento xeral, definitivamente aprobado, haberá de ser inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, e iso en congruencia cos principios de seguridade xurídica para garantía dos cidadáns e de publicidade das normas que regula o artigo 9.3 da vixente Constitución.

Así mesmo haberá de remitirse copia do orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma.

Copia do orzamento e das súas modificacións deberá acharse a disposición do público a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

O orzamento entrará en vigor no exercicio correspondente unha vez publicado na forma referida anteriormente. É dicir, se o edito anunciando a aprobación definitiva se publica no BOP antes de comezar o exercicio económico a que se refire o orzamento, isto é, o ano 2011, a entrada en vigor será o 1 de xaneiro seguinte; se a publicación efectúase xa iniciado este exercicio do 2011, o orzamento entrará en vigor o día da súa publicación.

S.Ordinaria 26.09.11

Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de devandita xurisdición.

A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 19 de setembro, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas á modificación presupostaria 27/2100 polas razóns expostas no informe do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación orzamentaria nº 27/2011, suplemento de crédito e crédito extraordinario para regularización do cadro de persoal, por un importe de 527.345,01 euros, nos mesmos termos da súa aprobación inicial en sesión de data 28 de abril de 2011.

Terceiro.- O acordo de aprobación definitiva deberá ser publicado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

3.4.- (205).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL. EXPTE. 318/1101.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do acordo adoptado polo Pleno da Corporación

S.Ordinaria 26.09.11

en sesión do 8 de setembro, polo que se aprobou unha moción formulada polo Grupo municipal do BNG solicitando a modificación da ordenanza fiscal xeral, con data 12 de setembro de 2011 a directora de ingresos presenta proposta de modificación da devandita ordenanza fiscal xeral no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 13 de setembro, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 16 de setembro de 2011, presta a súa conformidade ó informe proposta citado anteriormente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 19 de setembro, por maioría, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: O 5 de setembro aprobamos as ordenanzas fiscais para o ano 2012 nas que se incluían bonificacións fiscais para sectores económicos e colectivos máis afectados pola crise, demostrando que tamén se pode facer política social a través da política fiscal. Contemplábanse medidas como a taxa cero para as instalacións de terrazas de hostalería ou para licenzas de actividades, continuábase co sistema especial de pagamento do recibo do IBI que contemplaba unha redución do 3%, non se modificaban as taxas de garderías, do Servizo de asistencia domiciliaria; incrementábase o nivel de mínimos exentos o que permite que deixen de pagar impostos as familias con menor capacidade económica e aplicábanse porcentaxes inferiores ao IPC a determinados impostos como o do IBI.

O resultado foi a diminución da carga fiscal neste Concello de xeito que continuamos a ser o concello con menor carga fiscal de toda Galicia e un dos que teñen menor carga fiscal de toda España, ademais de seren o máis saneado, o menos endebedado, o que cumpre coas súas empresas ao pagaren en menos de trinta días. Tamén por proposta do Bloque Nacionalista incluíuse nesas ordenanzas a diminución da taxa do lixo para as oficinas.

No debate daquel Pleno o BNG propuxo unha moción sobre o aprazamento do pagamento para débedas tributarias de menos de 400 euros. Iso é o que

precisamente traemos hoxe aquí.

Na ordenanza actual xa está contemplado o fraccionamento de pagamentos cando a débeda é superior aos 400 euros. Foi precisamente o goberno do Partido Socialista e Partido Nacionalista quen eliminou a obrigatoriedade de presentar un aval para facilitar estes aprazamentos, o que dalgún xeito facilitou o aforro de cartos dos veciños que os solicitaron.

O que hoxe traemos aquí é facilitaren estes aprazamentos para débedas tributarias inferiores a 400 euros en casos especiais e contempla os casos que propoñía o Bloque Nacionalista: cando a persoa debedora non ten ningunha fonte de ingresos durante como mínimo seis meses, cando a persoa debedora sexa desempregada de longa duración e cando a persoa debedora teña unha renda inferior a dúas veces o Indicador público de Renda de efectos múltiples, o IPREM. Consideramos que a situación actual nos está a demandar medidas especiais para aqueles que máis o necesitan e iso é precisamente o que estamos propoñendo neste Pleno.

SRA. VELOSO RÍOS: Dende o Bloque Nacionalista Galego hoxe estamos satisfeitos de veren como se materializa unha proposta que trouxemos a este Pleno na sesión anterior. Entendemos que é un esforzo que cómpre facer por parte das administracións para contemplar as situacións excepcionais que está vivindo unha parte da cidadanía en Vigo e en todo o país. Cómpre polo tanto facer un esforzo para que tamén, como dicía a concelleira Sra. Díaz, se faga política social dende a política fiscal do Concello de Vigo.

Sabemos que agora mesmo o número de desempregados na nosa cidade é moi elevado, que hai moitas persoas que se atopan sen ningún tipo de ingreso durante varios meses, parados de longa duración que teñen especiais dificultades para facer fronte ao pagamento das taxas fiscais do Concello. Sabemos que en xeral non son cantidades excesivamente elevadas pero para unha familia nunha situación precaria, como o son tantas as que están vivindo situacións así na nosa cidade, o momento de facer fronte a eses pagamentos pode ser realmente unha auténtica dificultade.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que ademais das propostas que

se facían dende o goberno municipal, era preciso atender ás necesidades da cidadanía. Fixemos as propostas relativas á redución da taxa do lixo para oficinas que contemplaba unha realidade non só económica ou fiscal, senón que detrás tamén hai unha realidade de desenvolvemento sostible que cómpre contemplar e promover dende a administración local. Neste caso entendemos que esta si é unha modificación realmente importante dende o punto de vista social. Ademais unha modificación que se aproba para os dous vindeiros anos sabendo como sabemos todos, logo dun tempo de falsas esperanzas de recuperación rápida, que esta crise económica non ten precisamente o seu final moi cerca, senón que pola contra aínda non temos moi claro como imos superar esta crise e como imos conseguir crear emprego nun tempo relativamente curto ou a medio prazo, entón é preciso tamén asumir ese compromiso non só para este ano, senón para os dous anos seguintes.

Dadas as circunstancias económicas e sociais especialmente difíciles, o feito de que calquera persoa que teña unha débeda tributaria inferior a 400 euros poida solicitar un aprazamento ou un fraccionamento, parécenos unha maneira non só de facilitar economicamente a situación destas familias, senón tamén de reducir esa presión non só fiscal, senón tamén esa presión económica, social, psicolóxica sobre as familias da nosa cidade e facer que realmente sexamos quen de mellorar, de facilitar un pouco a vida dos cidadáns e cidadás que nestes momentos o están pasando peor.

Felicitámonos hoxe de traer xa esta modificación da ordenanza fiscal xeral, como tamén solicitamos que o máis axiña se teña en conta a terceira proposta do Bloque Nacionalista Galego sobre facer un estudo serio para a redistribución do recibo da auga, reivindicación histórica por parte da veciñanza da nosa cidade que nós tamén trouxemos a Pleno na anterior sesión.

SRA. BRAVO BOSCH: Nós imos ser breves porque en sesións anteriores xa insistimos en que precisamente a asistencia social e o apoio á cidadanía de Vigo viría por un aumento de tipo cero. Claro que nós apostamos por axudar a todos os cidadáns e cidadás de Vigo, pero o que queremos é precisamente que figure nas ordes do día dos Plenos que non vai haber ningún imposto nin taxa para os

cidadáns. Propuxémolo e non se aceptou nos anteriores Plenos. Hoxe volvemos ver como se referenda esta modificación da ordenanza fiscal xeral para volver subir os impostos como xa o dixemos en ocasións anteriores.

O único que nos deixou satisfeitos aos membros do Grupo Popular foi ver como por primeira vez si se recoñece que hai crise e que vai ser longa. Pódese apreciar polas hemerotecas como se dixo que non había crise ou que se ía superar. Polo menos agora si se recoñece a existencia dunha crise económica e tamén que vai ser bastante longa. Iremos apreciando o que se poida nas distintas comisións e Plenos aos que asistamos.

Nós queremos impostos cero para a cidadanía, que non haxa ningunha suba e que polo tanto nesa crise que se prevé tan longa, como afirman os nosos compañeiros, non se teña que recriminar impositiva e fiscalmente aos cidadáns que pertencen á cidade de Vigo.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Novamente vemos como o Partido Popular segue facendo propostas que non aplica alí onde goberna; sen ir máis lonxe dende a Xunta de Galicia nestes momentos estase dobrando o imposto de transmisións patrimoniais e incrementáronse as taxas das escolas infantís preto dun 40%.

O que hoxe traemos aquí non é unha subida de impostos, pola contra é un aprazamento dos pagos coa eximente da presentación do aval que contemplaba o Partido Popular. Estamos facilitando as xestións e abaratando os impostos para os cidadáns.

Non sei que vai votar o Partido Popular, non o dixo, pero dende logo o que nós traemos son beneficios fiscais para os cidadáns e o que se contemplaba nas ordenanzas que trouxemos a primeiros de mes eran beneficios fiscais para os cidadáns. O Partido Popular non contemplou ningún.

Nós dixemos sempre que estamos aquí para traballar polos cidadáns, para facer propostas no seu favor e para coller a luva de todos aqueles que traían propostas en favor dos cidadáns. O Bloque trouxo unha proposta en favor dos cidadáns e nós recolleemos a luva en canto puidemos. En menos dun mes tróuxose a modificación da ordenanza fiscal e de novo seguimos retomando esa luva de que si que hai que modificar as taxas da auga que é unha vella reivindicación.

Lembro que estaba comprometido polo anterior goberno do Partido Popular que dicía que se ían modificar esas taxas da auga.

Ata agora o único que demostrou que promete, cumpre e responde sempre en igualdade de condicións é o Partido Socialista, como tamén o está facendo o Bloque Nacionalista Galego. O Partido Popular de novo segue coas súas mentiras porque que me traían aquí aos concellos do Partido Popular que non aplicaron o IPC, que me traían un só. Reto ó Partido Popular a que me traía un só concello que non aplicara o IPC absolutamente en todas as súas ordenanzas. A explicación que dá o Partido Popular onde goberna é que está aplicando o IPC e que está conxelando os impostos. Pois ben, é o que se está facendo aquí. É máis, aquí mesmo estamos contemplando beneficios fiscais que o Partido Popular non contempla onde goberna.

Eu o único que lles pido, señores do Partido Popular, é que sexan coherentes porque se alí onde gobernan defenden impostos, é máis, como xa dixen a Xunta está dobrando o imposto de transmisión patrimonial, están a aumentar nun 100% e está aumentando as taxas das escolas infantís nun 40%, entón o que ten que explicar o Partido Popular é por que onde goberna di unha cousa e onde non, di a contraria.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal xeral 2012.

ARTIGO 41.- APRAZAMENTO E FRACCIONAMENTO DO PAGO

S.Ordinaria 26.09.11

Só excepcionalmente se aprazarán ou fraccionarán débedas de contía inferior a 400,00 euros ou por prazos superiores aos previstos. En particular aprazaranse ou fraccionaranse as débedas tributarias de contía inferior a 400,00 € ou por prazos superiores aos previstos e en todo caso durante os exercicios 2012 e 2013, entre outros, nos seguintes supostos:

- Cando a persoa debedora non teñan ningunha fonte de ingresos durante como mínimo 6 meses.
- Cando a persoa debedora sea desempregada de longa duración.
- Cando a persoa debedora teña unha renda inferior a dúas veces ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2012 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se formularon.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación Municipal e todas as persoas presentes no salón do Pleno, postos en pé, gardan un minuto

de silencio polas vítimas de violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- (206).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A MANTER AS AXUDAS AOS CONCELLOS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 317/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de setembro, número 317/1101, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, formula a seguinte moción:

“A Xunta de Galicia, mediante unha Orde ditada pola Consellaría de Educación, o pasado día 7 deste mes, procedeu a eliminar as axudas dirixidas a concellos en materia de normalización lingüística. Estas axudas víñanse concedendo anualmente desde hai moitos anos e permitían que algúns concellos contasen con servizos de normalización lingüística ou desenvolvesen actividades de promoción e dinamización do noso idioma.

Tanto o Estatuto de Autonomía de Galicia, que vincula aos poderes públicos ao emprego do galego en todos os ámbitos, como a Lei de Normalización Lingüística, que establece compromisos concretos neste campo a desenvolver polos concellos, determina a necesidade de activar medidas, baixo dirección e coordinación do Goberno galego, para normalizar o uso do idioma propio de Galicia na administración local.

O goberno do Partido Popular, utilizando como coartada os obxectivos de estabilidade orzamentaria e déficit público, eliminan as axudas para a lingua galega e cumpren co seu programa político: a liquidación do uso do noso idioma tamén no ámbito oficial. Pero, esta agresión tamén implica a desaparición dos servizos de normalización lingüística e a eliminación de numerosos postos de traballo de técnicas e técnicos municipais de normalización, incumpríndose os obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e agudizando o ataque ao galego.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a:

Primeiro.- Restituír, con carácter de urxencia, as axudas destinadas aos Concellos en materia de normalización lingüística, baixo os seguintes criterios:

S.Ordinaria 26.09.11

- a) Resolución urxente das axudas a fin de que cada concello coñeza o importe e poida planificar as súas actuacións.
- b) As axudas daranlle prioridade á creación, mantemento e estabilidade dos servizos municipais de normalización lingüística.
- c) As axudas contribuirán ao financiamento das accións normalizadoras durante a totalidade do ano.
- d) Que todos os concellos, con independencia da súa poboación, poidan acceder ás axudas, sen prexuízo da promoción de servizos comarcalizados a través da agrupación de concellos.

Segundo- Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión do 19 de setembro, por maioría, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: O día 7 de setembro a Xunta de Galicia publicou unha Orde ditada pola Consellería de Educación pola que procedía a eliminar as axudas dirixidas aos concellos en materia de Normalización Lingüística. Estas axudas que neste caso se convocaron e publicaron xa no mes de marzo aínda que evidentemente estaban sen resolver, víñanse concedendo anualmente dende hai moitos anos cumprindo coa Lei de normalización lingüística e permitían que moitos concellos do noso país puidesen contar realmente cun servizo de Normalización Lingüística e puidesen desenvolver accións de promoción e dinamización da nosa lingua, da lingua propia do noso país.

Tanto o Estatuto de Autonomía de Galicia, que vincula ós poderes públicos co emprego do galego en todos os ámbitos, como a Lei de Normalización Lingüística que establece xa compromisos concretos neste eido que teñen que desenvolver os concellos, determinan a necesidade de activar medidas baixo a dirección e coordinación do goberno galego para normalizar o uso do idioma propio de Galicia na administración local.

O goberno do Partido Popular neste caso utiliza unha vez máis como coartada a famosa austeridade, os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de déficit público e elimina as axudas para a lingua galega. En realidade o que está facendo é utilizar esa razón, esa escusa de que agora “todo vale”, do déficit público e da estabilidade orzamentaria, coincidindo por certo tamén co goberno do Estado, para cumprir o seu programa político. En realidade unha boa parte do

seu programa político, como se expresou claramente durante a campaña electoral, contén a liquidación do noso idioma, do idioma propio de Galicia tamén no ámbito oficial. Non teñen intención de que permaneza nin sequera dentro do ámbito oficial, dentro das administracións, nin sequera asumíndoo como un ritual como fixeron durante moitos anos no goberno da Xunta de Galicia.

Evidentemente esta é unha cuestión de criterio político porque se analizamos os cartos que se gastaron para a administración autonómica e para a cidadanía nesta política de agresión, directamente de liquidación da lingua galega, vemos que non é precisamente barata porque de feito na Xunta de Galicia xa se contemplara no seu momento como necesidade de promoción, de publicidade e de información do decreto da eliminación do galego no ensino público, unha partida orzamentaria de publicidade dun millón de euros e de feito a eliminación dos libros de texto en galego, segundo a Asociación Galega de Editores, custounos aproximadamente 3.800.000 euros. Estamos falando de 190.000 libros de texto no noso país que tiñan como delito estar escritos en galego. Claro, como ademais agora somos os pais e as nais os que temos que pagar os libros, á administración autonómica neste caso lle importa bastante menos.

Pero ademais estas axudas van provocar a desaparición dos servizos de normalización lingüística en moitos concellos e polo tanto a eliminación de numerosos postos de traballo de técnicas e técnicos municipais de normalización, incumpríndose os obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e agudizando o ataque ao galego.

Deseguido a Sra. Veloso Ríos procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Dende o punto de vista do Grupo Socialista quero manifestar que a Orde ditada pola Consellería de Educación o pasado día 7, supón dende o noso punto de vista que hai tres temas moi importantes. En primeiro lugar que segue a poñer atrancos no proceso de normalización lingüística recollido no Estatuto de Autonomía e na Lei de Normalización Lingüística. En segundo lugar que cremos que dificulta o desenvolvemento dos

servizos de normalización lingüística que ofrecen os concellos coa consecuencia da posible desaparición dos mesmos e de postos de traballo. En terceiro lugar cremos que é moi importante isto porque pon no centro da tensión política e do debate, o tema da normalización lingüística, o uso da nosa lingua como un sinal de identidade fundamental do noso país.

Como consecuencia destes tres epígrafes, o Grupo Socialista apoia a moción do BNG e anunciamos o noso voto a favor.

SRA. LARRIBA LEIRA: Querería pedirlle ao BNG que retire a moción porque no seu fondo fala da eliminación desta Orde de subvencións. Eu voulle dicir que non é certo o que di, polo tanto penso que non ten obxecto a presentación desta moción.

En primeiro lugar quero deixar fóra de toda dúbida ou manipulación interesada a importancia que para o Partido Popular teñen estas axudas para a promoción social da lingua e o apoio que se lle dá dende a Xunta ao labor que desenvolven os concellos a prol do fomento do uso do galego.

Como ben dicía a concelleira, Sra. Veloso, enviúselles una carta a todos os concellos pedindo colaboración, pero xa vemos que non hai ningunha intención de colaborar coa Xunta de Galicia de ningún xeito. A Xunta explicaba claramente nesa carta que esta é unha medida excepcional por mor dun axuste orzamentario, consecuencia directa dos incumprimentos por parte do goberno central dos compromisos de achegas de anticipo do Fondo de Cooperación previsto este ano no sistema de financiamento e nos ingresos da comunidade.

Tamén se advirte da publicación dunha nova orde con bases semellantes ás anteriores que se publicará proximamente e que permitirá a imputación do gasto efectuado no 2011 polas entidades concorrentes. A contía desta nova convocatoria irá con cargo aos orzamentos do ano 2012 que aínda non están aprobados.

Cómpre lembrar varias cousas. A primeira é que a responsabilidade da normalización lingüística a nivel local, que é do que estamos a falar aquí, é unha obriga compartida entre os concellos e a Xunta, pero fundamentalmente é dos concellos, a Xunta colabora cos concellos nestas políticas lingüísticas a nivel

local. Como digo, é unha obriga que os concellos teñen encomendada polo artigo 7 da Lei de administración local de Galicia de 1997.

É falso que Galicia persiga a liquidación do uso do galego tamén no eido oficial. Xa sei que lles gustan os discursos dramáticos neste tema, pero Galicia cumpre e fai cumprir o marco legal que nos impuxemos os galegos no sentido de protexer e dinamizar a lingua galega. Faio dende moitos aspectos e con múltiples iniciativas: primeiro, facendo que se aprenda nos centros educativos á par do castelán. Segundo, con programas de dinamización entre a infancia e a mocidade. Terceiro promovendo a súa investigación: a Xunta financia o Instituto da Lingua Galega, proxectando a nosa cultura e a nosa lingua fóra das nosas fronteiras porque hai corenta centros de estudos galegos en todo o mundo; colabora en financiamento coa Real Academia Galega e así este ano aumentou cun 125% no seu financiamento para o desenvolvemento de programas e actividades socio-lingüísticas; participa en certames e premios; ofrece unha liña de formación e capacitación en lingua galega dirixida á administración como son os cursos do CELGA.

Foi o Bloque Nacionalista Galego quen puxo a proa a un programa da Xunta que foi a "Rede de Dinamización Lingüística", posto en marcha en setembro de 2010 co obxecto precisamente de colaborar cos concellos no proceso de dinamización da lingua galega e foi o Bloque Nacionalista quen se opuxo dende o primeiro momento. Quérolle lembrar que esta Rede de Dinamización Lingüística posta en marcha pola Xunta, está apoiada por máis de cen concellos e tamén polo Consello da Cultura Galega.

Penso que unha vez máis asistimos a un discurso catastrofista onde non se quere ver a importancia que lle está a dar a Xunta de Galicia ao cumprimento da normativa e ao proceso de normalización da lingua galega.

Insisto en que deben deixar de facer política coa lingua. Pedímoslles que colaboren precisamente coa Xunta de Galicia na implantación desta Rede de Dinamización Lingüística.

SRA. VELOSO RÍOS: Unha Orde ditada pola Consellería de Educación publicada no mes de marzo no DOG, di que se deixa sen efecto a convocatoria das

subvencións, non sei como se pode entender como que non se eliminan as subvencións. Eu entendo que se se publica unha orde de subvencións e posteriormente unha orde que deixa sen efecto esa convocatoria, non hai orde de subvencións. Outra cousa é que digamos que se vai sacar outra orde para pedir subvencións con cargo aos orzamentos do ano que ven. É dicir, saltámonos un ano, esa é a realidade. Xa o fixeron antes, xa o fixeron noutros eidos, xa o fixeron co deporte... e por iso xa sabemos que quere dicir que a Xunta de Galicia saque unha orde de subvencións con cargo ó ano que ven, é que como mínimo nos imos saltar un ano de subvencións.

De momento isto non é unha cuestión de fe e como eu aínda non vin esa convocatoria, sinceramente a día de hoxe a realidade é que non hai subvencións para normalización lingüística para os concellos do noso país. Non hai máis, é o que hai. Poderemos vestilo do que queiramos pero non hai subvencións agora mesmo, nin este ano vai haber subvencións para os concellos do noso país.

Evidentemente que os concellos teñen a obriga de facer políticas de normalización lingüística, pero é que é competencia da administración autonómica e iso está recollido no Estatuto de Autonomía, na Lei de normalización lingüística e tamén no Plan de normalización lingüística. Ata onde chegou o consenso de todas as forzas políticas, a administración autonómica ten que cumprir coas súas obrigas. Non imos aplaudir porque cumpra coas súas obrigas, mesmo poderíamos criticar moitas cousas, a colaboración coa Real Academia Galega é irrisoria en comparación co que debería ser.

Evidentemente que imos facer política coa lingua porque tamén é unha cuestión política, por suposto, porque as decisións que están tomando no Partido Popular sobre a lingua son políticas, son económicas ou de criterio técnico, son políticas. Tamén hai que deixar moi claro que política a facemos todos e todas, as tres forzas políticas que estamos aquí facemos política, as tres forzas políticas que están no Parlamento de Galicia fan política e son decisións políticas. As linguas unen, agás o galego que para o Partido Popular separa. Esa é a realidade. Pois nós imos seguir facendo política porque alguén ten que defender a lingua propia deste país fronte aos ataques que está sufrindo constantemente por parte do goberno autonómico.

Por suposto mantemos esta moción porque a realidade é que non hai subvencións para os concellos do noso país, é obriga da administración autonómica que as haxa e por iso no BNG imos seguir reclamando en todas as administracións e institucións onde esteamos presentes e por suposto na sociedade galega.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, instando á Xunta de Galicia a restituír con carácter de urxencia as axudas destinadas aos concellos en materia de normalización lingüística, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.- (207).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RETIRADA DA DECISIÓN DE DIMINUÍR AXUDAS A GARDERÍAS E INCREMENTO DA PARTIDA DO “CHEQUE INFANTIL”. EXPTE. 312/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de setembro, número 312/1101, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Díaz Vázquez, formula a seguinte moción:

“Unha vez mais, as familias de Vigo recibimos un novo *mazazo* por parte da Xunta de Galicia. Desde que o PP accedeu ao goberno da Xunta, estamos asistindo a un claro ataque á educación e ao sistema educativo.

S.Ordinaria 26.09.11

Todos sabemos que a educación é un dos alicerces básicos de calquera estado que quere avanzar e progresar, que é un investimento en futuro e que nos fai iguais a todos.

Con todo, o PP de Galicia non o ve así e, por iso, dende a Xunta sucédense continuos recortes nas partidas destinadas á educación. A primeira medida tomada no ámbito da política educativa por parte da Xunta do Sr. Feijóo foi a eliminación da gratuidade dos libros texto. E ese foi só o comezo.

A crise económica está a ser utilizada polo PP como escusa para reducir as axudas á educación; e por iso hai uns días espertámonos coa noticia de que Feijóo reducía en 200.000 euros a partida destinada ao "cheque infantil", unha axuda coa que moitas familias podían afrontar os gastos das garderías dos seus fillos.

Nun momento coma o actual, no que o número de solicitudes de axudas aumentan porque a situación familiar así o demanda, dende o Grupo Socialista non podemos consentir que a Xunta de Galicia lle dea as costas unha vez mais ás familias viguesas e lles recorte unhas axudas que necesitan e ás que teñen dereito.

É por iso polo que propomos ao Pleno:

Instar á Xunta de Galicia a que de forma inmediata retroceda na súa decisión de diminuír as axudas ás garderías e incrementa a partida destinada ao "cheque infantil" para que ningún neno ou nena viguesa que a solicitou quede sen devandita axuda."

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 19 de setembro, por maioría, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Todos os días os galegos, en concreto os vigueses, espertamos con novas negativas para a educación tanto pública como privada, pero sobre todo novas negativas para a educación pública por parte da Xunta de Galicia. Cada día se nos anuncian novos recortes, unha nova eliminación e polo tanto un ataque claro á educación dos vigueses e das viguesas.

Todos sabemos que a educación é o pilar básico de todo Estado, que é investimento en futuro e que é o que nos fai iguais a todos. Non obstante o Partido Popular de Galicia non o ve así e por iso dende a Xunta de Galicia sucedéronse continuos recortes nas partidas destinadas á educación. Falábase hai un momento da partida de normalización lingüística que tamén afecta ás

subvencións que pedían os colexios para facer actividades de normalización lingüística e que a primeira medida que tomou o Partido Popular nada máis chegaren á Xunta foi a da eliminación da gratuidade dos libros de texto. Para dar un exemplo, eu tiven que comprar os libros dos meus fillos e ao meu fillo pequeno non lle serviu o libro do maior porque estaba en galego e agora o esixen en castelán. Ese é un exemplo da política educativa do Partido Popular.

Así, nova tras nova das políticas do Partido Popular. Unha das últimas novas coa que nos espertábase foi a de que reducía o cheque infantil en 200.000 euros. O cheque infantil é unha axuda para as garderías, para que os pais poidan afrontar de mellor xeito o gasto dos seus fillos na educación. Estamos falando dun gasto fundamental en educación para un cativo de 0 a 3 anos, pero tamén de algo fundamental para a conciliación da vida familiar, algo que sempre defendeu o Partido Socialista; falamos de igualdade, de familia, de educación.

Estamos nun momento de crise e de dificultade económica e constatamos que o número de solicitudes de axudas dobrouse. As familias necesitan esas axudas pero a resposta da Xunta de Galicia foi a de diminuír a partida das axudas. Atopámonos así con que a política da Xunta en educación infantil de 0 a 3 anos foi en primeiro lugar subir os prezos das garderías, subir o prezo dos seus comedores e diminuír as axudas para as garderías. Esa é a política educativa da Xunta para cativos de 0 a 3 anos.

Gustaríame que esa política se comparase coa que está facendo este goberno en Vigo que é diminuír as taxas das garderías para que os cativos poidan afrontar de mellor xeito esa educación e aumentar as axudas. Non só iso, senón que aumentamos o número de prazas de garderías municipais. Neste momento están a piques de abrir a Escola infantil de Tomás Alonso e a de Casiano Martínez, está en construción a de Mestres Goldar e temos tamén catro en proxecto construtivo, Lavadores, A Seara, Navia e A Doblada que se iniciarán xa o 1 de xaneiro do ano 2012. Esa é a política que está facendo este goberno en materia de educación infantil de 0 a 3 anos. Non obstante a Xunta fai todo o contrario, nun momento no que máis ca nunca se necesita a aposta pola educación, polas familias que o precisan e as axudas a esas familias, a Xunta decidiu recortar esas axudas.

Iso é o que traemos aquí. Pedímoslles ao Bloque e ao Partido Popular que se

neguen a aceptar esta medida da Xunta de Galicia porque vai haber familias viguesas que teñan problemas para escolarizar aos seus cativos de 0 a 3 anos, que non van poder pagar a gardería porque lles subiron o prezo e lles diminuíron a axuda.

Dende aquí instamos á Xunta a que rectifique, que o pense e que non negue unha axuda que necesita un neno vigués, que necesita ir á gardería ao igual ca un neno da Coruña ou do Ferrol, porque tamén necesita axudas. O que lle estamos pedindo ao Partido Popular e á Xunta de Galicia é que rectifique na súa política educativa, neste caso cos nenos máis pequenos, os de 0 a 3 anos, que non deixe a un cativo sen educación. Iso é o que estamos pedindo.

Dende o goberno municipal ampliamos prazas, diminuímos taxas e aumentamos axudas. O Partido Popular sobe taxas e diminúe axudas. Polo tanto o que nós facemos é instar á Xunta de Galicia a que de forma inmediata retroceda na súa decisión de diminuír as axudas ás garderías e que faga todo o contrario, que incremente a partida destinada ó cheque infantil para que así ningún neno ou nena viguesa que o solicitara quede sen axuda.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Antes de falar da propia moción quero presentar unha cuestión de orde que a nós, os nacionalistas, nos parece importante sobre todo logo do debate que acabamos de ter sobre a defensa da nosa lingua en todas e cada unha das administracións onde nós temos representatividade.

Vemos que a moción presentada pola Sra. Díaz Vázquez está redactada en castelán e preguntámonos se se cumpre a normativa establecida polo Regulamento do Pleno e ademais pola propia ordenanza de normalización lingüística que obriga a que no expediente, cando menos, figure obrigatoriamente unha copia da moción na lingua galega.

Preguntámoslle ó Sr. Secretario se no expediente figura tal requisito. De non seren así evidentemente, independentemente de que estamos a favor do contido da moción, veriámonos na situación de pedir a retirada. Queremos saber se no expediente consta copia en lingua galega da moción tal e como é normativo neste Pleno.

Non consta. Polo tanto nós pedimos a retirada desta moción por non cumprir a

legalidade independentemente, repito, de que estamos absolutamente a favor do contido da mesma. A non ser que, para que se poida debater, propoñemos que haxa o compromiso de que durante o Pleno se achegue copia ó expediente. Con iso abondaría.

A PRESIDENCIA: Durante o Pleno achegárase copia en galego.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non vou utilizar os cinco minutos porque parte deles xa os utilicei na anterior cuestión e hai que seren estritos cos tempos.

Tempo haberá tamén neste Pleno de falar de recortes e máis recortes aos que a Xunta de Galicia nos ten acostumados, non evidentemente por causalidade, senón por unha estratexia clara deseñada e moi ben pensada que non é outra que a defensa do ensino privado na contra do ensino democrático, plural e laico como é o ensino público.

Foi o Bloque Nacionalista Galego quen puxo en marcha neste país toda unha rede de escolas infantís para todo o territorio. Eu quero lembrar aquí que os últimos investimentos en escolas infantís nesta cidade fixéronse precisamente polo goberno anterior da Xunta, polo bipartito, onde o Bloque Nacionalista Galego tiña esa competencia a través da súa Vicepresidencia do Benestar Social.

Nestes case tres anos de goberno do Partido Popular houbo cero euros de investimentos en canto a unha franxa de idade onde se ven demostrando ano tras ano que existe unha gran demanda dos pais e das nais vigueses e viguesas que non se poden permitir o feito de pagar unha escola infantil privada e menos nun tempo como o que estamos a pasar,.

Agora, como ben dicía a concelleira de Educación, atopamos unha nova moi grave que é a redución de 200.000 euros, ese cheque infantil que permitía garantir algo que parece que o Partido Popular non está disposto a que se garanta nesta cidade e neste país. Algo tan importante como a igualdade de oportunidades para todos os nenos vigueses e viguesas. Por desgracia, a medida que vaia avanzando o tempo iremos vendo o que significa ese teito de gasto que o Sr. Núñez Feijóo se apresurou a seren o primeiro en institucionalizar nunha comunidade autónoma.

Imos apoiar sen ningún tipo de fisura esta moción tal e como ven presentada. Ademais tamén nos agrada ver que a presenta precisamente o Partido Socialista toda vez que houbo algunha dúbida de se apostar ou non polas escolas municipais cando na última modificación de crédito se querían suprimir algunhas.

SRA. LARRIBA LEIRA: En primeiro lugar e aínda que non é o fondo e o eixo da moción, quereda facer unha mención á eliminación, segundo di a concelleira na súa intervención, da gratuidade dos libros de texto. Di que ten que pagar os libros do seu fillo. É así, Sra. Díaz, vostede ten que pagar os libros do seu fillo porque a gratuidade é para as familias que menos teñen. Ese é o xeito de entender a xustiza no Partido Popular, que non paguen os que menos teñen, os que menos poden e por iso tal vez vostede os ten que pagar.

Pero centrando o debate no tema do cheque infantil, de novo vou facer alusión a esa inseguridade xurídica que está a producir no sistema de financiamento autonómico o executivo central porque é precisamente polo seu incumprimento polo que a Xunta ten que facer estes axustes e tomar estas medidas. Pero lle digo de novo á Sra. Veloso que non se suprimen as axudas, senón que se van imputar aos orzamentos do ano que ven pero contemplando os gastos deste.

Con referencia ao cheque infantil, o próximo curso escolar estarán dispoñibles 16.300 prazas de garderías sostidas con fondos públicos, o que supón un 15% máis de prazas que ao comezo da lexislatura. Non parece que vaimos tan mal.

Coa finalidade de dar continuidade ás axudas que se pediron nos cursos 2010-2011, a Xunta vai manter a axuda a todas as familias que xa a tiñan o ano pasado. Non se eliminan. As familias que tiñan a axuda o ano pasado seguirán manténdoas este ano. Vostedes terxiversan. En concreto en Vigo son máis de 230 cativos quen teñen as axudas.

No que vai de lexislatura, que é o importante, a Xunta de Galicia creou 2.000 prazas de escolas infantís e para este ano prevese a apertura de 1.000 máis. É dicir, non só é unha política de cheque escolar, senón tamén de aumentar as prazas de gardería.

En canto ao tema de Vigo, a Xunta de Galicia ten 581 prazas públicas de garderías nesta cidade e ademais convoca anualmente dúas ordes de

subvencións a escolas municipais e escolas de iniciativa social co que as escolas municipais de Vigo están tamén financiadas pola Xunta de Galicia, o que representa máis ou menos o 10% do seu mantemento. Pero tamén financia nove escolas de iniciativa social en Vigo, é dicir, as sete propiedade da Xunta, as catro de titularidade municipal e as nove de iniciativa social.

Non podemos apoiar esta moción porque non parece de recibo que nós esteamos aquí a reclamarlle á Xunta de Galicia cando vostedes non cumpren o que prometen. Non me vou deter aquí na lixeireza coa que o alcalde prometeu corenta e sete novas escolas infantís hai catro anos, pero eu pediría á concelleira de Educación que lles dixera aos cidadáns de Vigo onde están as garderías de Casiano Martínez en Bouzas ou de Tomás Alonso. Que conte aquí a data na que se lle remitiron á Xunta de Galicia as solicitudes para a súa apertura, que diga aquí cando llas mandou. Onde está a gardería de Mestres Goldar? Esa que nin sequera remataron despois da liorta que montaron cos veciños.

Non podemos apoiar a moción cando vostedes na lexislatura pasada non crearon nin unha soa praza máis de gardería. Non lles poden pedir explicacións a outras institucións mentres non cumplan as súas promesas e as súas obrigas.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Señores do Partido Popular, non digan que non van apoiar a moción utilizando excusas baratas. Non a van apoiar sinxelamente porque se trata de instar á Xunta de Galicia a que destine diñeiro a Vigo. Vostedes, como o demostraron en todos os Plenos e o acaban de demostrar na moción anterior, non están dispostos a que o Sr. Núñez Feijóo invista un só euro en Vigo. Ese é o motivo polo que vostedes din que non. O que nós estamos pedindo é que as familias viguesas teñan máis axudas de garderías.

Eu sinxelamente lle digo ó Partido Popular que estuden matemáticas, que aprendan a sumar e a restar porque a Orde di que se eliminan 200.000 euros en axudas, mentres que a Sra. Larriba di que as familias van ter as mesmas axudas. A min non me saen as contas, ou é “o mago Antón”, ou que me digan de onde van saír 200.000 euros porque as mesmas familias con 200.000 euros menos ou toca a menos diñeiro cada familia ou hai menos familias. Así son as matemáticas. Recomendolles polo tanto que estuden ben como se suma e como se resta.

Quizais por iso o Partido Popular estea utilizando todos eses recortes, porque non saben o que significa restar que é o que está facendo acotío coas axudas á educación.

Con respecto aos libros de texto dúas aclaracións. Tívoise que cambiar o libro de texto porque vostedes dixeron que en troques de dar a clase en galego se dese en castelán, se non un neno podería herdar perfectamente o libro do seu irmán. Aquí non estamos cuestionando se alguén ten que pagar. Pero hai outra cousa, vostedes falan de gratuidade solidaria. Mentira. Iso que din vostedes da gratuidade solidaria é unha axuda. Pódolles dar o nome dun pai de familia en paro, con tres fillos e unha nai cobrando o salario mínimo, que nestes momentos lle debe á libraría 400 euros porque a axuda da Xunta non lle chega, esa axuda é de 100 euros por neno, son tres e hai que mercar libros para os tres nenos. Ese é o problema das políticas da Xunta de Galicia que recorta 200.000 euros, elimina a gratuidade dos libros de texto, elimina o cheque infantil, pero o problema é que detrás hai familias que teñen problemas para pagar algo tan básico como é a educación e non teñen diñeiro para pagar os libros dos nenos.

Voulles ler algo moi forte sobre o cheque infantil e sobre os comedores. A última Orde da Xunta: "Prohíbese o acceso ao comedor a aqueles alumnos que teñan que pagar 3,5 euros de comida e os seus proxenitores non paguen a factura". Cando un pai non poida pagar o comedor dos seus fillos na súa gardería, o neno non vai poder comer. Iso está dicindo a Xunta. Ese é o problema do cheque infantil, o problema dos recortes. Non vai haber axudas ás familias, non vai haber garderías infantís por parte da Xunta e dende logo as familias vano pasar moi mal porque lles están dicindo que o seu fillo non vai poder comer na gardería, senón que o teñen que largar ao patio porque se o pai o está pasando mal e non pode pagar, non lle van dar a comida. Pero iso si, a Xunta tarda ata seis meses en pagar ás empresas que xestionan a gardería.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos

membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Díaz Vázquez, instando á Xunta de Galicia á Xunta de Galicia Á retirada da decisión de diminuír axudas a garderías e incremento da partida do “cheque infantil”, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3.- (208).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL OS INVESTIMENTOS REITERADAMENTE SOLICITADOS PARA A CIDADE DE VIGO. EXPTE. 313/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de setembro, número 313/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“A cidade de Vigo conta con importantes investimentos do Goberno do Estado: AVE, aeroporto, estación de ferrocarril Guixar e Urzáiz, que engadido ao Plan-E, fan que a nosa cidade estea mellor situada para a saída da crise.

Tamén o compromiso do Alcalde da cidade, Abel Caballero, para conseguir as maiores achegas do Goberno de España de toda a súa historia e o esforzo investidor dos orzamentos do Concello, fan que tanto os cidadáns de Vigo como os que nos visitan valoren moi positivamente a transformación da cidade.

Isto é un exercicio de responsabilidade coa economía e o emprego de Vigo, que non foi correspondido por igual por outras administracións, en concreto, a Deputación de Pontevedra, en cuxo orzamento de 2010 figuran 2.342.000 de euros para o "Plan Vigo" e non se executou nin un euro, pasando en 2011 para gastos correntes.

Moitos cidadáns preguntánselle para que serven as Deputacións, cal é o seu labor, e o Goberno do PP na Deputación de Pontevedra fai xustiza a esta pregunta cunha política de clientela e sen atender os problemas dos cidadáns de Vigo, a cidade de maior poboación de Galicia.

S.Ordinaria 26.09.11

Polo exposto,

O Pleno do Concello de Vigo, insta á Deputación de Pontevedra a que realice na cidade de Vigo os investimentos que de forma reiterada se lle demandan para a mellora da economía, o emprego e o benestar dos vigueses e viguesas, e se contemplan nos orzamentos de 2012.”

A comisión informativa de Fomento, en sesión do 19 de setembro, por maioría, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: No anterior mandato e no que vai deste levamos esixindo de forma reiterada que a Deputación de Pontevedra cumpra coa cidade e cos cidadáns de Vigo. Presentamos esta moción porque por moito rexeitamento do Partido Popular a que se fagan estes investimentos, non imos deixar de dar a coñecer a todos a situación na que se atopan estes fondos que tería que dedicar a Deputación de Pontevedra á nosa cidade.

Esta fin de semana fomos testemuñas de feitos moi importantes. Vimos como o Goberno Socialista de España inaugurou importantes infraestruturas na nosa cidade como o aeroporto ou a estación provisional de Guixar; tamén como se puxo a primeira pedra para a nova estación de Vigo-Urzáiz. Eses son compromisos que acadou xuntamente co goberno de España o noso alcalde Abel Caballero, compromisos que fan que hoxe teñamos mellores dotacións e saídas económicas e tamén mellores perspectivas de emprego, pero que tamén nos garanten o futuro.

Vimos como nos orzamentos de 2010 da Deputación figuraba a cantidade de 2.342.000 euros nun plan para combater a crise, nun plan de emprego 2009-2011. Vimos tamén como desapareceron eses 2.342.000 euros, pero teñen que saber os cidadáns que nin un só euro deles se gastou neses dous anos, que eses euros foron para remanentes e que se gastaron fundamentalmente en gastos correntes.

Moitos cidadáns pregúntanse para que serven as deputacións, moitos deles pregúntanse por que as súas rúas non están humanizadas e moitos outros veciños, con orzamentos do Concello de Vigo, si teñen as súas rúas humanizadas. Non o entenden cando se lle di que a súa rúa é competencia da Deputación. Non

o entenden porque non saben para que serven as deputacións. Hai que llelo explicar porque vemos que nos orzamentos de 2011 segue sen aparecer dotación económica, si aparecen dotacións económicas para concellos pero semella que desa partida xenérica a Vigo non lle toca absolutamente nada.

O venres asistimos á constitución da Federación Española de Municipios e Provincias onde se fixo unha proposta por parte do alcalde de Vigo, Abel Caballero, quen por certo foi elixido vicepresidente, para modificar de forma profunda as deputacións porque todos os municipios que alí estaban representados entenden que así non poden continuar. Pero mentres esta situación non se dea, dende o Grupo Socialista imos seguir reivindicando de forma contundente que se invista na nosa cidade o que esixe e que ademais lle corresponde.

Para combater a crise e o desemprego na nosa cidade é preciso que todas administracións arrimen o ombreiro, non só o Estado ou non só cos orzamentos municipais, porque vemos como a Deputación non inviste na nosa cidade nin un só euro. Da Xunta xa falaremos noutro momento.

Pedimos que o Pleno do Concello de Vigo inste á Deputación de Pontevedra a que realice na cidade de Vigo os investimentos que de forma reiterada se lle demandan para a mellora da economía, do emprego e do benestar dos vigueses e das viguesas e que se contemplan nos orzamentos da Deputación para o 2012.

SR. ALONSO PÉREZ: Unha aclaración previa a respecto dos investimentos do Estado en Galicia. Foi o BNG a través dunha emenda nos orzamentos do Estado quen propuxo, e o goberno aceptou, que os investimentos do Estado en Galicia sempre superaran o 8% do total de investimentos en infraestruturas.

A respecto do debate sobre as deputacións, non sei cantas mocións levamos xa, cinco ou seis nas que o Partido Socialista insta á Deputación a que invista na cidade e o BNG apoiámoslas. Ademais manifestamos que no problema máis importante que teñen os cidadáns, o desemprego, o Plan de investimentos da Deputación contra o desemprego, na cidade de Vigo investiu cero euros. Ademais, de 70 millóns dese investimento do Plan trienal, o presidente da Deputación resérvase o 20%, é dicir, 14.000.000 de euros para investir onde

queira. Iso xa o manifestamos neste Pleno como tamén apoiamos as mocións do Partido Socialista.

Pero eu coido que nestes momentos xa hai que dar un paso máis cara adiante. Non podemos seguir discutindo sobre cal é o papel das deputacións e sobre os recortes e a falla de investimento na cidade. Non podemos seguir nese discurso, temos que rematar con esa situación de discutir que a Deputación non inviste en Vigo. As deputacións son institucións anacrónicas, non teñen ningún sentido, naceron para unha representación do Estado nas provincias antes de que existira a descentralización do Estado. Nestes momentos en que o Partido Popular e o Partido Socialista se poñen tan facilmente de acordo en reformar a Constitución na liña dos recortes sociais, que se poñan de acordo dunha vez e eliminen as deputacións porque é o que está demandando a cidadanía. Hai que eliminar as deputacións.

O BNG vai apoiar a moción porque efectivamente a Deputación de Pontevedra non inviste na cidade de Vigo, pero pensamos que o Partido Socialista e o Partido Popular se teñen que poñer de acordo e dunha vez facer o que a demanda da sociedade está esixindo que é a eliminación das deputacións.

SR. FIGUEROA VILA: Este é o debate da incoherencia, da falta de realismo e eu diría que da manipulación pola parte do Partido Socialista.

A pregunta é, por que vostedes na Deputación de Lugo sustentan co seu goberno e cos seus votos a Deputación? Coido que tiñan que ser máis coherentes. De gobernar vostedes na Deputación de Pontevedra, estou totalmente convencido de que non farían este discurso, mesmo tiñan candidato ou candidata. Pero agora mesmo e como non gobernan volven vostedes á manipulación e a intentar o descrédito da Deputación de Pontevedra.

Sr. Rodríguez, os cidadáns apoiaron as políticas da Deputación e así pasamos de 14 a 17 deputados. En concreto na área de Vigo con máis incremento de número de votos e polo tanto incremento do número de representantes nesa institución. Vostedes menten, están enganando á cidadanía. A Deputación de Pontevedra investiu na cidade de Vigo máis de vinte millóns de euros nos últimos anos. Deses setenta millóns, cincuenta distribuíronse entre os demais concellos e vinte,

directa ou indirectamente, viñeron á cidade de Vigo. O que pasa é que vostedes só teñen un obxectivo que nós non compartimos. Como dicía a representante do BNG estes días nos medios de comunicación, a única ocorrencia que teñen vostedes é seguir co granito.

Sr. Rodríguez, vostede que foi un defensor e participou na xestión dos sindicatos, sabe que hai 30.000 parados nesta cidade, 17.000 máis dende que gobernan vostedes en Vigo. Non sei se é froito da casualidade pero o que está claro é que iso é unha realidade.

Vostede o que quere facer aquí é un discurso político. Iniciou a súa intervención falando de que inauguraban Guixar e o aeroporto de Peinador, por lle dar dous casos. Vostedes comprometeron o AVE á cidade de Vigo para o ano 2012, o Sr. Alcalde empeñou a súa palabra e nese ano non haberá AVE. Vostede fala do aeroporto de Peinador e o récord que teñen vostedes é que tiñamos aproximadamente 1.400.000 pasaxeiros hai catro anos e agora estamos por debaixo do millón e non saben como xestionar o aeroporto de Peinador.

Menos mal que o Sr. Blanco dixo algo coherente, que hai que traballar todos na mesma dirección. pero vostedes non, o Sr. Alcalde boicoteou o Comité de Rotas, o único obxectivo é illar á cidade e enfrontala cos demais e así non imos ben. Esta cidade non pode estar illada, ten que capitanear e capitalizar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, ten que ser unha cidade referente na Área Metropolitana e unha cidade expansiva dentro de Galicia.

Non pode ser que única e exclusivamente por un puñado de votos e por unha cuestión de rédito electoral e persoal, enfrontemos á cidade con todos. Iso é o que están facendo vostedes. Coido que é un erro moi grave illar esta cidade, enfrontala con todos os demais. Coido que temos que tender pontes, fomentar a unión e que no Eixo Atlántico e en Galicia sexa a cidade de Vigo a que lidere sen dúbidas todo o movemento social e económico. Por iso é polo que temos que traballar, pero vostedes non, vostedes seguen co enfrontamento.

Nós non estamos nese campo, pola contra estamos en facilitar e traer investimentos para esta cidade. Podo enumerar os compromisos de vostedes para con esta cidade porque das seis mil vivendas protexidas que comprometeron hai catro anos e medio, cantas puxeron en marcha? Ningunha. O

Plan Xeral está totalmente paralizado. De corenta e sete garderías, cantas están? Dúas ou tres. Trece centros de día... Diso é do que se tiñan que preocupar vostedes, de traer investimentos para a cidade, pero cun trato dialogante, con consenso e buscando maiorías, non discriminando, nin tentando enfrontamentos cos demais.

A Deputación non está nesa liña, está na de tenderlle a man a Vigo e colaborar con Vigo. Vai seguir colaborando coa cidade de Vigo queiran ou non vostedes, tenten ou non manipular diante da opinión pública. Ese é o reto que imos perseguir e acadar e nesa dirección imos seguir traballando.

Os colectivos sociais, culturais e deportivos desta cidade saben das axudas da Deputación. Estou totalmente convencido de que, de non ter axuda da Deputación, máis de cincocentos colectivos terían graves dificultades para cubrir as súas demandas, os retos e obxectivos.

Nós non temos nada que agochar senón todo o contrario. A Deputación vai seguir co compromiso coa cidade de Vigo tal e como fixo ata o de agora.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: É moi sinxelo, señores do Partido Popular, queren ou non que se inclúan investimentos para Vigo nos orzamentos de 2012 da Deputación? Eu vexo que nos orzamentos de 2011 hai 800.000 euros en convenios para Pontevedra, pero non vexo ningún para Vigo. É tan sinxelo coma iso.

En canto ó tema das deputacións. Eu fun bastante suave cando dixen que fan demagogia respondendo ao que vostede dixo que se gobernáramos na Deputación de Lugo ou na de Pontevedra sería outra cousa. Todo o Partido Popular votou na Asemblea da Federación Española de Municipios e Provincias que había que rematar con este anacronismo, incluído o representante da Deputación de Ourense e a representante da de Pontevedra. Reitero que foi nun relatorio que presentou quen é vicepresidente da Federación Española de Municipios e Provincias, o noso alcalde Abel Caballero.

É certo que aquí é cuestión de maiorías e minorías. Na Deputación o goberno do Partido Popular conta con dezasete deputados e a oposición contamos con dez, pero fíxese que se se votase e se fose por votos, a esquerda no seu conxunto ten máis votos ca vostedes, Sr. Figueroa.

Poderase facer moita demagogia cos investimentos, pero o único investimento da Xunta de Galicia que estamos a ver é un desterre para facer un hospital raquíptico que, como están pedindo propostas para nomes, dende o noso grupo...

A PRESIDENCIA: Sr. Rodríguez Díaz, céntrese na cuestión, por favor.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O certo é que estamos cuns investimentos que son unha realidade. As tuneladoras están en Guixar, estase coa demolición da estación de Urzáiz; no aeroporto tamén se ve a ampliación da terminal, pódense ver as obras e os aparcadoiros están feitos. Pero se o Sr. Núñez Feijóo en troques de potenciar o aeroporto de Santiago con cartos e financiamento de voos baratos, se fixese algo polo aeroporto de Vigo mellor nos iría.

A PRESIDENCIA: Sr. Rodríguez Díaz, isto vai de Deputación.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: É que o Sr. Figueroa falou diso, Sr. Alcalde, terei que contestar.

A PRESIDENCIA: A partir de agora teremos que empezar a dicir a todo o mundo que se centre nos puntos da orde do día.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Aquí quen discrimina a Vigo é o Partido Popular e menos mal que o goberno de España e esta Corporación presidida polo alcalde, D. Abel Caballero, fixeron que non fose a cousa peor senón que moito mellor. Gracias, Sr. Alcalde, reiteramos a nosa petición.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal

Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, instando á Deputación Provincial de Pontevedra a realizar en Vigo os investimentos reiteradamente demandados, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.- (209).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA O MANTEMENTO DO PROXECTO DO ANTERIOR GOBERNO AUTONÓMICO PARA O NOVO HOSPITAL DE VIGO. EXPTE. 314/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de setembro, número 314/1101, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte moción:

“O anterior Goberno da Xunta de Galicia, presidido por Emilio Pérez Touriño, ao longo da súa lexislatura planificou, desenvolveu funcional, arquitectonicamente e financeiramente, o denominado novo hospital de Vigo, ademais de desenvolver, en colaboración con este Concello, o denominado Plan Sectorial de incidencia Supramunicipal, que garantía a disposición do solar pola administración sanitaria.

O novo hospital de Vigo, así proxectado e desenvolvido, configuraríase no inmediato futuro como o recurso necesario non só para aumentar e mellorar a infraestrutura sanitaria da área sanitaria máis grande de Galicia e con máis potencial de crecemento, senón que se convertería na dotación esencial para a necesaria reordenación da área.

Concluídos no últimos meses de 2008 todos os traballos de planificación, desenvolvemento do novo hospital de Vigo, Plan de Incidencia Supramunicipal, as bases para a reordenación da área e garantir a súa construción e financiamento dentro do ámbito do sector público, as eleccións autonómicas de marzo de 2009 impediron a súa licitación, que quedou posposta para logo das mesmas. A chegada do Partido Popular ao Goberno da Xunta, supuxo a paralización da licitación do proxecto, a reformulación do proxecto e o cambio do modelo de construción e financiamento, que se estableceu a través da fórmula de cooperación público-privada ou máis coñecida PFI. Todo iso leva, ademais dun atraso producido, a que de acordo coa experiencia contrastada nacional e

internacionalmente, o novo modelo elixido para a construción, financiamento e xestión, sobre o novo hospital de Vigo, xera ameazas certas que poñen en perigo non só a propia viabilidade e sustentabilidade do proxecto ao resultar moito máis caro, senón que xerará disfuncionalidades no funcionamento e na xestión do novo hospital e da área.

Por todo iso, solicitamos ao Pleno:

Instar á Xunta de Galicia ao cambio no modelo de construción, xestión e financiamento do novo hospital de Vigo e que se realice o proxecto de acordo cos criterios elaborados e aprobados polo anterior goberno autonómico. “

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, en sesión do 19 de setembro, por maioría, ditamina favorablemente a anterior moción.

O Sr. Rodríguez Escudero procede a ler a moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Pódolle asegurar e demostrar a este Pleno que no proceso de planeamento do novo hospital de Vigo valoramos todas as posibilidades de construción e financiamento, incluído o PFI, para o que se realizaron múltiples estudos. Visitamos centros hospitalarios con este modelo e recabamos a opinión dos mellores expertos. A documentación está na sede da Consellería. Foron tantos os riscos e problemas que observamos que nos fixeron rexeitar a fórmula do PFI.

O modelo PFI pode ser, e o é, un excelente instrumento para o financiamento de construción e explotación de infraestruturas sinxelas, pero dificilmente o pode ser para estruturas complexas como hospitais e menos cando se trata de hospitais terciarios como no caso de Vigo. De acordo coa experiencia constatada e o recollido por múltiples autores, catro son os aspectos claves de ditas ameazas e problemas: máis custe, menos calidade, menos flexibilidade e maior complexidade.

Permítanme que con criterios fundamentalmente técnicos e comprobables indique seguidamente algunha destas ameazas. Os PFIs hospitalarios adoitan seren máis custosos que de se empregaren os métodos tradicionais debido aos gastos de lanzamento e aos elevados intereses dos préstamos aos que debe

recorrer a iniciativa privada.

En segundo lugar o modelo supón un paso para a privatización real e progresiva do sistema. Un exemplo: Madrid empezou cun PFI e nada máis comezar privatizou un servizo asistencial sanitario como é o das analíticas.

A opacidade en todo o proceso de planificación, control e xestión. A prioridade que se lles dá ás obrigas económicas coas empresas concesionarias en vez de darlla ós servizos sanitarios. A extensa duración do contrato fai que a maioría dos reaxustes necesarios causados por cambios no contorno, incluída a demanda, xere importantes custes. Ademais as concesións de obra efectuadas en España contemplan cambios no accionariado e a creación de mercados secundarios o que introduce inestabilidade e incerteza na xestión, na sostibilidade e nos seus profesionais.

Pola fórmula PFI o sector público de saúde non compra fundamentalmente bens senón servizos e financia esta compra de servizos mediante a venda do seu patrimonio. Con este modelo fragmentase a xestión dos hospitais creándose dúas direccións independentes: a asistencial e a da concesión. Dous mundos operativos e funcionais e dous grupos profesionais. A práctica diaria da xestión da diversidade xera complexidades innecesarias, problemas detectados na calidade dadas as características complexas da infraestrutura e do servizo concesionado. Un hospital é unha estrutura viva, dinámica que polo tanto necesita flexibilidade.

SRA. VELOSO RÍOS: Estamos falando novamente do novo hospital de Vigo, un hospital que todo o mundo sabe que está sufrindo constantes atrasos pero aínda así se mantén esa data de 2013. Teremos que ver se non pasa como co AVE e iremos modificando os prazos.

En decembro de 2010 a Xunta anunciou que as obras estaban adxudicadas e en xaneiro de 2011 asegurou que os traballos comezarían nunhas semanas. No Pleno de finais do mes de xuño no Parlamento galego o presidente Núñez Feijóo dixo que xa estaba en construción e varias persoas do BNG estivemos o día 1 de xullo nos terreos do hospital e alí só había leitugas.

A partir desa denuncia que fixemos comezaron as obras con atraso e aínda así

facendo as cousas como adoita facer este goberno da Xunta de Galicia, porque lembremos que se produciu o desaloxo duns propietarios dunha panadería da zona que non cobraron aínda o que lles corresponde.

Vemos polo tanto que dende o principio este novo hospital de Vigo tan necesario para a nosa área sanitaria, está sufrindo unha serie de problemas obvios de xestión e que son innegables.

Ademais evidentemente o proxecto e o hospital que se nos presenta agora mesmo é un proxecto construtivo cunha serie de recortes con respecto ao que estaba previsto nun principio tamén innegables. Ademais da redución de camas estamos falando dunha redución nun 40% da superficie de urxencias, da desaparición do tele-pacientes, da unidade de docencia e investigación. É dicir, atopámonos cun novo hospital para Vigo máis pequeno, con menos servizos, pero iso si, moito máis caro.

A realidade é que este novo hospital é un hospital privado, digan o que digan os señores do Partido Popular que insisten en que é un hospital público polo feito de que imos poder entrar cunha tarxeta sanitaria do SERGAS. Pois só faltaba. Só faltaba que non puidésemos entrar cunha tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Sanidade, evidentemente. Tamén podemos entrar en POVISA por certo, cunha tarxeta sanitaria do SERGAS e lembro que POVISA non é un hospital público.

Cando estamos falando dun hospital privado, cando estamos falando máis axustadamente dun hospital privatizado, estamos falando dun hospital que imos pagar con cartos públicos pero a unha empresa. Esa empresa vai ser a encargada de construílo e de xestionalo, é dicir, nós imos entrar cunha tarxeta do SERGAS efectivamente, pero as decisións sobre a xestión que van estar condicionadas polo beneficio empresarial van ser tomadas por unha empresa privada e non polo SERGAS. Estamos falando de sanidade, dunha cuestión básica. A sanidade, se cadra, é o máis prioritario porque sabemos que todo o mundo somos susceptibles de precisar asistencia sanitaria e en ocasións para problemas graves que doutra maneira, de non ter unha sanidade pública, non poderíamos recibir.

Non hai no orzamento da Xunta de Galicia ningunha partida para a construción do novo hospital agora mesmo. Iso quere dicir que nos vai saír gratis? Non, o que quere dicir é que, tal e como cando pagamos pola hipoteca do noso piso, imos

estar pagando durante trinta anos por unhas instalacións que non pertencerán ao SERGAS. Unha construción ademais da que imos pagar uns xuros a través dun canon que calculan os expertos que vai supor que nos vai custar cinco veces máis que se o constrúese a Xunta de Galicia. A partir do ano 2013 imos ter en gastos correntes 600 millóns de euros ao ano para pagar este hospital. Están hipotecando os servizos públicos, a sanidade, un servizo básico e fundamental. Por iso no BNG seguimos pedindo que se manteña un proxecto acaído ás necesidades da nosa área sanitaria, pero tamén pedimos que sexa cen por cen público porque é a única maneira de garantir a asistencia sanitaria a toda a poboación.

Tampouco nos esquezamos, estea en 2013, estea cando estea, que temos agora un servizo sanitario nunha situación moi precaria. A Xunta de Galicia tamén se ten que facer cargo da situación do Hospital Xeral, tense que facer cargo de asegurar que teñamos unha asistencia sanitaria en condicións, a que merecemos neste país. Non se pode xustificar a situación do Hospital Xeral que non hai moito un persoeiro do Partido Popular recoñecía que estaba colapsado polos recortes económicos, nin botarlle a culpa outra vez máis ao goberno do Estado ou á crise global e mundial.

Por certo, antes de rematar tamén quereda facer referencia a que recibimos xa as copias destas mocións en galego tal e como solicitamos. Esta era outra das mocións que estaba en castelán e por iso participamos igual neste debate e nesta votación porque, nos dous casos, agora mesmo si se está cumprindo coa legalidade vixente neste Pleno do Concello con respecto ao uso da lingua galega.

SRA. CENDÓN ALONSO: Efectivamente a moción presentouse en castelán e por iso me permito dar a resposta tamén en castelán. Son perfectamente bilingüe e penso máis en galego ca en castelán, Sra. Veloso.

En tan só cinco minutos pouco se pode falar do modelo de concesión e dado que está é unha decisión que xa tomou a Xunta de Galicia, só vou facer algunhas puntualizacións.

Non lles terei que lembrar os catro anos perdidos encargando multitude de proxectos funcionais. Un deles moi escandaloso como ben saben, custoulle o

cesamento ao secretario do SERGAS anterior a vostede porque o contratou cun *consulting* no que el traballaba de xeito privado. Lembra iso moi ben, verdade? Así foi como entendeu a conselleira socialista a defensa da sanidade pública. Tampouco lle vou lembrar nin as múltiples maquetas, nin as presentacións.

Eu son traballadora da Dirección Provincial do SERGAS e pódolle dicir que vivín durante os catro anos do bipartito o bochorno de dous traballadores que día tras día tiñan que subir e baixar esas maquetas do soto ao recibidor e viceversa. Afortunadamente están definitivamente no soto. Propoño que as enterremos definitivamente, Sr. Rodríguez Escudero, ou se quere as pintamos de minio prateado, pasámolas á lonxa desta Casa e suman á colección. O título da colección téño moi claro: "a construción invisible", deuno no seu día o Sr. Alcalde, ó mellor mesmo podería ser tamén o nome do hospital, Sr. Rodríguez.

Afortunadamente para todos os cidadáns de Vigo pasamos da construción invisible á construción que avanza segundo o cronograma establecido, que vai ser rematada a tempo no 2013 e cun modelo de concesión porque esta é a grande vantaxe do modelo de concesión, como ben explicou a ministra, Trinidad Jiménez, cando inaugurou o hospital de Baleares.

Tampouco vou entrar nas cifras porque vostedes as manipulan como queren. Ninguén di xamais que no custe do canon están incluídos os servizos externalizados, servizos que se atopan actualmente externalizados e polos que o complexo hospitalario paga trinta e dous millóns de euros. Ou sexa o Partido Popular, Sra. Díaz Vázquez, sabe restar. Entón se restamos atopámonos con que os custes da construción civil son similares.

En definitiva, un modelo de concesión de financiamento que garanta a execución na área sanitaria de Vigo dun hospital rematado no tempo previsto, polo que non se pagará nin un duro ata a entrega da chave, de aí, Sra. Veloso, que non vexa consignado nada nos orzamentos. No 2013 comezaremos a pagar. O que é mellor, non hai punta en débeda e, o que nos interesa a todos, cen por cen público. Ou alguén pensa que ao cidadán lle interesa quen lle lava a roupa, quen lle dá a comida ou quen lle arranxa o radiador? Ao cidadán interésalle quen lle presta a asistencia e vanlla prestar os facultativos do sistema público e a xestión asistencial vai ser cen por cen pública.

O pasado martes o presidente da Xunta veu visitar as obras que se atopan con cimentación. O alcalde de Vigo, o alcalde de todos e todas, non estaba presente como era a súa obriga e ademais dixo que non facía visitas a explanadas. Os que alí estivemos vimos calquera cousa menos explanada porque aquilo non é unha explanada. Entroulle a rabia “napoleónica” porque ao mellor alguén lle podía pedir explicacións de por que non deu nin un só paso no cumprimento das obrigas que ten adquiridas no convenio, como son a conexión das vías internas ou os abastecementos.

Como non estaba alí voulle lembrar o que dixo o presidente da Xunta: “1.465 camas, 35 quirófanos, 160 consultas externas, 62 salas de exploración de imaxe. O primeiro hospital de España con cualificación enerxética A, comprometido co medio ambiente e tecnoloxicamente avanzado. Por iso entendo que estean preocupados porque aquí non vai pasar o que ocorreu co auditorio porque xa hai un equipo de seguimento.

Atenda ás súas obrigas, Sr. Alcalde, e póñase a traballar no convenio.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Lamento sinceramente que ante os criterios respectuosos, rigorosos e documentados expostos anteriormente na moción e que ademais poño a disposición de todos vostedes, vostede apostara por volver traer ao Pleno os argumentos do Sr. Núñez Feijóo e da Sra. Farjas que utilizan a mentira como fío condutor. Digo a mentira polas seguintes razóns: porque é mentira, Sra. concelleira, que o hospital sexa público. Unha cousa é que teña unha función pública e outra é o hospital como entidade física e iso non o será no mellor dos casos, e non vai ser tampouco así, ata que non remate a concesión aos 23 anos.

Polo tanto e en primeiro lugar, non é un hospital público e estamos en condicións de poder contestar con todo o que é o concepto de público e privado. Non é un hospital público, pódeno publicar como queiran, gasten o diñeiro en publicidade como lles pete, pero non é un hospital público, é un hospital privado onde se vai realizar unha función pública. Niso estamos de acordo.

É mentira, Sra. concelleira, dicir que é un hospital que sería máis económico e máis eficiente. Non. Vostede sumou dous conceptos para intentar desmentir o

que nós comentamos. Sumou o valor da construción e o valor da explotación dos servizos. Sinxelamente utilizando a mesma metodoloxía ca que utilizou a Sra. Farjas na presentación aquí do Plan de viabilidade, soamente a construción polo sistema de financiamento que estaba pactado, totalmente asumido polo Parlamento da Xunta de Galicia, o hospital lle custaría cos xuros 408 millóns ao SERGAS. A construción deste hospital sen contar coa explotación vai custar 860 millóns de euros, sen contar todas as modificacións que se van producir ó longo desta legislatura. Gracias a que todos estes Plenos se recollen en acta, un día poderase comprobar o que estamos dicindo aquí. Vaise poder comprobar en primeiro lugar que é política-ficción dicir que este hospital vai custar o que din que vai custar, vai custar catro veces máis, vai ter menos calidade, menos servizos. Sabe vostede que nestes momentos aínda non hai nin sequera sistema de financiamento?

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quintero,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, instando á Xunta de Galicia o proxecto do anterior goberno autonómico para o novo hospital de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS URXENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.- (210).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 1 e 22 de setembro de 2011.

1.2.- (211).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 1 e 22 de setembro de 2011.

1.3.- (213).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 01.09.11 DE NOMEAMENTO DE VOCAIS VECIÑAIS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSDEG-PSOE E BNG NOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, por decreto de data 1 de setembro de 2011, ditou a seguinte resolución:

“O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de data 8 de xullo de 2011, prestaba aprobación á proposta da Alcaldía de data 5 de xullo, referente ao nomeamento de representantes da Corporación nos organismos autónomos municipais. No dito acordo constaba a distribución dos sete vocais veciñais que debían propoñerse polos grupos políticos municipais, outorgando un prazo de 4 días

dende a adopción do acordo para que os voceiros dos distintos grupos remitan escrito á Alcaldía a través da Secretaria Xeral do Pleno no que fagan constar o nome dos vocais veciñais indicados.

Ao tempo, dito acordo facultaba ao Alcaide para o nomeamento dos vocais veciñais mediante resolución.

Téndose excedido sobradamente o prazo concedido polo acordo referido, tan só os grupos políticos municipais do BNG e do PSOE deron cumprimento ao mandato plenario, facilitando os datos correspondentes aos vocais veciñais nos organismos autónomos municipais, sen que polo grupo municipal do PP, pese aos reiterados requirimentos, procedese á dita designación, como consecuencia do que ten lugar un atraso na constitución dos órganos reitores dos OOAA.

Polo exposto, de conformidade cos escritos presentados polos grupos políticos municipais na Secretaría Xeral do Pleno, esta Alcaldía

RESOLVE

Primeiro.- Nomear vocais veciñais no organismo autónomo "Instituto Municipal dos Deportes" ás seguintes persoas:

Polo Grupo municipal do BNG D. Antón Piñeiro Lorenzo

Polo Grupo municipal do PSdeG-PSOE D^a Elena Rodríguez Giráldez
D^a Olga Alonso Suárez
D. Gerardo Díaz Quintas

Segundo.- Nomear vocais veciñais no organismo autónomo "Escola Municipal de Artes e Oficios" ás seguintes persoas:

Polo Grupo municipal do BNG D. Manuel Cande Correa

Polo Grupo municipal do PSdeG-PSOE D. Daniel del Valle Corrochano
D^a Amada María Fernández Piñeiro
D. Antonio Vázquez Vázquez

Terceiro.- Nomear vocais veciñais no organismo autónomo "Parque Natural das Ciencias Vigo Zoo" ás seguintes persoas:

Polo Grupo municipal do BNG D^a Cristina Fojo Campos

Polo Grupo municipal do PSdeG-PSOE D. Iván García Costas
D^a Pilar Blanco Abeigón
D^a Marta del Carmen Iglesias Fandiño

Cuarto.- Notificar a presente resolución aos voceiros dos grupos políticos municipais do BNG e do PSOE e aos interesados.

Quinto.- **Requirir** ao Grupo municipal do Partido Popular para que designe aos vocais veciñais que lle corresponden nos organismos autónomos municipais en execución do acordo plenario de data 8 de xullo de 2011.

Sexto.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice”.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.

1.4.- (214).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 02.09.11 DE REINGRESO AO POSTO DO SECRETARIO XERAL DO PLENO. EXPTE. 22306/220.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, por decreto de data 2 de setembro de 2011, ditou a seguinte resolución:

“Por escrito de data de hoxe, 2 de setembro de 2011, presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (doc. nº 110115465), D. José Riesgo Boluda, con DNI nº 1.488.932-G, funcionario de habilitación estatal, escala Secretarios, categoría Superior, solicita o reingreso ao servizo activo con efectos económicos e administrativos de data 3 de setembro actual, xa que no DOG núm. 168 do venres, 2 de setembro de 2011, publicouse o decreto núm. 174/2011, do cesamento, a petición propia, do interesado como Secretario Xeral Técnico da Consellería de Economía e Industria.

Toda vez que o solicitante desenvolvía antes da súa designación como Secretario Xeral de dita Consellería, o posto de Secretario Xeral do Pleno, que na actualidade viña desenvolvendo con carácter accidental D³ Concepción Campos Acuña ata a incorporación do solicitante e que se dá por concluída por outra resolución desta Alcaldía de data de hoxe.

De conformidade co disposto no art. 87 e Disposición Adicional Segunda da Lei 7/2007, do Estatuto básico do empregado público, así como no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre exercicio de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, respecto dos funcionarios con habilitación estatal; e en uso das competencias que me confire o art. 124 e concordantes, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local,

RESOLVO:

S.Ordinaria 26.09.11

Primeiro.- Acceder á petición de data de hoxe, de D. José Riesgo Boluda, con DNI núm. 1.488.932-G, autorizando o seu reingreso nesta Administración Municipal para o posto de Secretario Xeral do Pleno, que viña desempeñando antes da súa designación como Secretario Xeral Técnico da Consellería de Economía e Facenda.

Segundo.- Notificar a presente resolución ao interesado, Intervención Xeral, Tesourería, Recursos Humanos e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice.

Terceiro.- Dar traslado, así mesmo, á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Administración Local, aos afectos de recoñecemento da reincorporación do solicitante ao servizo activo neste Concello.”

A Alcaldía-Presidencia dá conta da anterior resolución ao Pleno da Corporación.

1.5.- (215).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 02.09.11 DE CESAMENTO DA SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL COMO SECRETARIA ACCIDENTAL NO POSTO DE SECRETARIA XERAL DO PLENO.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, por decreto de data 2 de setembro de 2011, ditou a seguinte resolución:

“Por resolución desta Alcaldía de data 14 de abril de 2011, foi nomeada dona María Concepción Campos Acuña, Secretaria Xeral do Pleno, con carácter accidental, en tanto que non se reincorporase ao dito posto o seu titular, D. José Riesgo Boluda, declarado en situación administrativa de servizos especiais polo seu nomeamento como Secretario Xeral Técnico da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

No Diario Oficial de Galicia, de data 2 de setembro de 2011, publicouse acordo do Consello da Xunta de Galicia do cesamento de D. José Riesgo Boluda como Secretario Xeral Técnico da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

Tendo solicitado no día de hoxe polo interesado o reingreso ao posto de Secretario Xeral do Pleno do Concello, e acordándose dito reingreso por resolución da data, procede efectuar o cesamento de dona María Concepción Campos Acuña como Secretaria Xeral do Pleno,

S.Ordinaria 26.09.11

De conformidade co disposto da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público e no decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercizo das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal e demais normativa reguladora na materia.

RESOLVO

Primeiro.- Cesar a dona María Concepción Campos Acuña, Secretaria de Administración Municipal, no seu nomeamento accidental como Secretaria Xeral do Pleno en virtude de resolución de data 14 de abril de 2011, como consecuencia da reincorporación do titular do posto,.

Segundo.- Quedan revocadas cantas delegacións foron conferidas en dita condición, particularmente a Secretaría da Xerencia Municipal de Urbanismo, a Secretaría do Consorcio Casco Vello de Vigo e a Secretaría das Comisións do Pleno, sen prexuízo de calquera outra que constase.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación.

Cuarto.- Notificar a presente a interesada, a Recursos Humanos, Intervención, Tesourería e á Dirección Xeral de Administración Local, Xunta de Galicia.”

Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.

1.6.- (216).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 07.09.11 DE DEDICACIÓN PARCIAL A CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, por decreto de data 7 de setembro de 2011, ditou a seguinte resolución:

“O Pleno do Concello, na súa sesión de data 16.06.2011, ó abeiro do sinalado no artigo 75.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial así como ó réxime de dedicación destes últimos.

O art. 75.5 da LBRL sinala que corresponde ó Presidente da Corporación determinar os Concelleiros/as e membros da Xunta de Goberno Local que realizarán as súas funcións nas dedicacións mencionadas.

Téndose comunicado a esta Alcaldía, mediante escritos de data 7 de setembro de 2011, polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular a asignación nominativa das adicacións parciais de nove horas, que lle corresponden en virtude dos antecedentes expostos, aos concelleiros do devandito Grupo Sr. Beiro Diz e Sra. García Míguez, que tomaron posesión do seu cargo na sesión plenaria que tivo lugar o día 5 do mes que andamos, en substitución da Sra. Porro Martínez e o Sr. López-Chaves Castro, e sen prexuízo de posteriores resolucións en similar senso, resolvo:

Primeiro.- Exercerán as súas funcións en réxime de dedicación parcial cunha dedicación de nove horas os seguintes membros da Corporación pertencentes ao Grupo municipal do partido Popular.

- D. Pablo José Beiro Diz 12.283,79 €
- D^a M^a Ángeles García Míguez 12.283,79 €

Segundo.- As retribucións especificadas para os concelleiros/as con dedicación parcial aboaranse en doce pagas. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro.- As retribucións terán efectos coa data da sinatura da presente resolución.

Cuarto.- Os Concelleiros/as ou membros da Xunta de Goberno Local que desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación nin dos organismos autónomos municipais.

Quinto.- Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social aos corporativos mencionados asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que corresponda.

Sexto.- Notificar a presente resolución aos interesados/as, á Unidade de persoal deste Concello, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Sétimo.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e no taboleiro de editos do Concello."

Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.

1.7.- (217).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS TEMPORAL DE COMPETENCIAS:

- a) Do 19.08.11 na área de Mobilidade, Seguridade e Transportes e

S.Ordinaria 26.09.11

Xestión Municipal.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, por decreto de data 19 de agosto de 2011, ditou a seguinte resolución:

Con motivo da ausencia do concelleiro D. Carlos López Font, entre os días 19 ao 26 de agosto, ambos incluídos, no uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no art. 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no art. 43 do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Delegar na concelleira D^a Isaura Abelairas Rodríguez, do 19 ao 26 de agosto, as atribucións outorgadas no concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes e Xestión Municipal en virtude da resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13 de xuño de 2011, de acordo ao contido do apartado segundo, III, da mencionada resolución”.

Da anterior Resolución a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

b) Do 09.09.11 na área de Deportes e Normalización Lingüística.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, por decreto de data 9 de setembro de 2011, ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do concelleiro D. José Manuel Fernández Pérez, entre os días 12 ao 16 de setembro, ambos incluídos, no uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no art. 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no art. 43 do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar na concelleira D^a Raquel Díaz Vázquez, do 12 ao 16 de setembro, as atribucións outorgadas no concelleiro delegado de Deportes e Normalización Lingüística en virtude da resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13 de xuño de 2011, de acordo ao contido do apartado segundo, III, da mencionada resolución.

Segundo.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se realice.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.”

Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

3.1.- (218).- SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE COMPARENCIA PERANTE O PLENO DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, PATRIMONIO E EDUCACIÓN. EXPTE. 316/1101.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: “Malos tempos para a lírica”. Así cantaban nos anos 80 un vigués de vinte anos nado en Bouzas e o seu compañeiro de instituto e iso que seguramente eses estudantes vigueses non se podían nin maxinar as consecuencias que a política educativa do Partido Popular da Xunta a partir do ano 2009 ían provocar na súa cidade.

Dende que o Partido Popular accedeu á Xunta de Galicia a educación e sobre todo a educación pública, sufriron continuos ataques e recortes. Hoxe utilizan a excusa da crise pero lembremos que a primeira política que aplicou o Partido Popular na Xunta nada máis chegaren, foi a eliminación da gratuidade dos libros de texto. Hoxe o Partido Popular chámalle falsamente “préstamo solidario” xa que no suposto mellor dos casos, dito ironicamente porque sería precisamente naquel caso daquela familia con menor renda, con menos recursos e que máis o precisa, a axuda só acada nunha familia a 180 euros que non chega nin á metade do que realmente custan os libros. Uns libros que antes para esa familia, cando gobernaba o Partido Socialista, eran gratuítos. Hoxe moitas familias teñen serios

problemas para pagar eses libros.

Este foi o primeiro paso pero xa nos mandaba un claro sinal de como ía ser a política educativa nunha comunidade autónoma gobernada polo Partido Popular. Dende ese momento os recortes foron continuos e constantes. Diciamos hai un rato nunha moción que diminúen as axudas destinadas ao cheque infantil, é dicir, os pais agora van ter que pagar máis polas garderías e pola atención educativa dos seus fillos máis pequenos. Pero tamén se incrementan os prezos das garderías xestionadas pola Xunta. Xa sabemos, garderías máis caras é unha suba de impostos encuberta e dóese a economía familiar. Iso si, mentres o PP sobe o prezo das garderías ás familias, está en contra do imposto do patrimonio.

Soben os prezos dos comedores das garderías pero non só iso, senón que ameazan con que se un pai tarda dous días en pagar, o cativo queda sen comedor quitándolle a alimentación a un cativo que non ten recursos e que o necesita. Mentres a Xunta tarda meses en pagar ás empresas que xestionan os comedores.

Eliminan as bolsas de inmersión en lingua estranxeira nun país estranxeiro, unha medida fundamental para Vigo porque cando un empresario vigués colle o teléfono, a persoa que lle contesta no outro lado no 90% dos casos fala inglés. Diminuíron as subvencións aos colectivos para participar en programas educativos, por exemplo para facer a revista escolar que moitos nenos facían con ilusión nos seus colexios e na que mostraban aos seus pais o esforzo realizado no ano. Estes son tan só algúns dos recortes que fixeron aos poucos.

Neste comezo de curso a Xunta decidiu dar unha nova volta de porca máis e afogar aínda máis á educación pública e á educación pública viguesa. Por dar algúns datos; en infantil e primaria a Xunta decidiu eliminar en Vigo tres unidades de educación en colexios públicos, unha unidade no Pombal, outra no Paraixal e outra na escola infantil da rúa Palencia. Con iso non só eliminou tres profesores, senón que desprazou aos nenos cara outros colexios, xerando así masificación nuns e unha diminución na atención educativa.

Pero ao Partido Popular isto pouco lle importa porque o que fixeron cos institutos do Meixoeiro baixo o suposto nome de “reorganización educativa” non ten nin nome, non foi outra cousa máis que o peche encuberto do IES “Manuel Antonio”,

o que supuxo que douscentos alumnos vigueses fosen trasladados a outros centros nunha actitude ditatorial que eliminou o seu dereito á libre elección de centro, masificou as aulas nos centros do contorno deteriorando a calidade educativa. Ademais trinta profesores máis desprazados, recolocados, amortizando prazas de xubilacións.

Pero hai máis. Actualmente o Partido Popular non está cubrindo as prazas de profesor en cada centro por cada xestión de equipo directivo, aforrándose así un profesor por centro. Non se están cubrindo as baixas de menos dun mes co que nos preguntamos, quen dá clases a eses nenos durante ese mes mentres a profesora está enferma? Os profesores están impartindo clases noutras especialidades, mesmo hai algún profesor que non imparte ningunha materia de especialidade. Pregúntome como se pode manter así a calidade educativa se un profesor especialista en matemáticas ten que impartir lingua inglesa.

E iso que aínda non falei da última política educativa da Xunta que o Partido Popular quixo defender desprestixiando a todo o corpo docente que se encarga da educación dos nosos fillos, cualificativos que só poden vir dun partido que publicamente recoñeceu que non quere unha educación pública, gratuíta e igualitaria para todos. Así o afirmou recentemente a presidenta da Comunidade Autónoma de Madrid.

De poderen o Partido Popular se cargaría a educación pública. Iso é o que están intentando e para iso enganan e manipulan.

Non houbo ningunha modificación no número de horas de obrigado cumprimento no centro na xornada laboral dun docente, a xornada laboral dos docentes segue a ser exactamente a mesma. O que si fixo a Xunta foi aumentar a carga lectiva docente e polo tanto diminuír o número de horas que os profesores destinaban ás actividades complementarias cos seus alumnos, é dicir, diminuíu o número de horas que os profesores destinaban a atender á biblioteca, ás clases de reforzo para os que máis o precisaban, aos desdobramentos, ás titorías, a controlar o absentismo, o fracaso escolar, á coordinación do plan titorial onde se trataban temas como a resolución de conflitos, a autoestima ou a anorexia.

Coa nova política da Xunta todo isto desapareceu. Xa non hai profesores que poidan atender as bibliotecas porque quen as atendía ata o de agora ten que dar

máis horas de matemáticas porque non lles deron o profesor que necesitaban. Non se poderá dar clase sobre autoestima ou anorexia porque a profesora que as estaba impartindo ata o de agora foi desprazada cara outro colexio. Xa non hai revista escolar e os nenos non poden demostrar satisfacción polo seu traballo porque o profesor que coordinaba a revista ten que dar agora coñecemento do medio.

Nisto consiste a nova política da Xunta que o que realmente agocha é a eliminación de 180 profesores en Vigo. Por iso xa non se poderán impartir materias optativas nalgúns colexios, xa non haberá clases de reforzo, xa non haberá talleres de conversación en lingua inglesa ou laboratorios porque non hai profesorado de abondo. Iso é o que está facendo a Xunta.

Fronte esta política de claro ataque á educación pública e á calidade educativa na educación pública na cidade de Vigo, o goberno de Vigo ven actuando nos últimos anos de forma clara e contundente, asumindo moito máis aló das súas competencias. Se a Xunta elimina a gratuidade dos libros de texto o alcalde de Vigo responde dobrando as bolsas en libros para os nenos e nenas vigueses. Se a Xunta diminúe o cheque infantil o alcalde de Vigo responde triplicando prazas de garderías municipais. Se a Xunta sobe o prezo dos comedores e ameaza con que se non pagan os nenos non comen, o alcalde dobra as axudas de comedor. Se a Xunta elimina as bolsas de inmersión en Vigo, o alcalde de Vigo destínalles nun ano un millón de euros, de xeito que nestes momentos hai 440 nenos en Inglaterra en programa de inmersión lingüística, máis ca os nenos de Barcelona ou Madrid xuntos. Cero euros da Xunta, cero euros do Partido Popular cando gobernaba en Vigo e máis de dous millóns e medio deste alcalde neste programa de inmersión lingüística.

Que a Xunta non cumpre cos seus investimentos en Vigo? A Xunta non amplía comedores e non fai as reformas? A Xunta non cumpre co seu compromiso de comedores? O alcalde de Vigo amplía e reforma comedores en Escultor Acuña, en Castrelos-Pereiró, en Candeán, en Mestres Goldar, en Valle Inclán e en Teís-Paraixal. Cinco millóns de euros investidos nos colexios públicos da nosa cidade en catro anos.

Estas son as diferencias entre a política educativa da Xunta e a deste goberno

municipal porque para o Partido Socialista a educación é a súa bandeira, porque nela é onde todos somos iguais.

Por iso estamos en contra da política educativa da Xunta do Partido Popular, en contra das palabras da presidenta da Comunidade de Madrid. A educación debe ser accesible a todos, en igualdade de condicións, gratuíta e de calidade. Iso non se consegue nin con desprestixios, nin con diminución no número de profesionais.

Por todo iso o alcalde de Vigo seguirá apostando e defendendo a educación na cidade de Vigo con máis axudas de comedor, con máis bolsas de libros, con máis bolsas de inglés, con máis investimentos e con máis garderías porque falar de educación é falar de igualdade, de investimento e de futuro.

O compromiso do alcalde de Vigo con esta cidade nestes catro anos foi claro, sempre cumprimos e seguiremos cumprindo os próximos catro anos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O BNG solicitou a comparecencia da concelleira de Educación fundamentalmente por dous aspectos que coidamos básicos. En primeiro lugar coñecer como está a afectar a política da Xunta -recortes e máis recortes- no sistema educativo público da nosa cidade. En segundo lugar saber así mesmo que vai facer o goberno municipal dentro das súas competencias e cos recursos dos que dispón para afrontar o novo curso coas mellores garantías para os alumnos e alumnas vigueses. Estes foron os dous aspectos que nos moveron presentar esta solicitude de comparecencia.

Sra. Concelleira, na súa intervención deixa sen citar temas que para nós son moi importantes. Está moi ben criticar a política da Xunta, que nós tamén o facemos, pero queremos saber tamén que é o que vai facer este goberno municipal no novo curso. Queremos saber por que a estas alturas aínda non está reunido o Consello Escolar para explicar cales son esas medidas ou como están a afectar estes recortes. Queremos saber se hai algún plan de mantemento e ampliación dos comedores escolares.

Efectivamente vostede falou dun compromiso de catro anos anteriores, pero eu lle quero repetir algo que xa dixen nunha ocasión: os máis de cinco millóns de euros investidos no seo público non se investiron polo alcalde desta cidade,

investíronse polos cartos de todos os vigueses e viguesas e por un compromiso claro de todo un goberno de apostar polo ensino público. Non está ben que cada quen se queira atribuír os investimentos que son pagados por todos os vigueses e viguesas. Precisamente nos falta saber que é o que quere facer e agardo que na segunda intervención se concrete máis.

É certo que a situación do ensino público empeza a ser moi preocupante diante da estratexia do Partido Popular de planificar o seu estancamento e favorecer ao ensino privado. Efectivamente, recortes no profesorado, nas axudas aos centros, ausencia de investimentos nos edificios, nula prioridade á hora de enfrontar novas construcións, falla de planificación á hora de mellorar servizos básicos como os propios comedores escolares. Sra. Díaz, non se contente con catro anos de investimentos e voulle poñer un exemplo. Nestes momentos nunha escola infantil como é a do Monte da Guía rapaces e rapazas de 3 a 6 anos están comendo nun corredor.

Un goberno municipal debe criticar a falla de investimentos da Xunta como facemos e como faremos sempre dende o BNG, pero o outro día estivemos reunidos coa Federación de ANPAS, con FOANPAS, e manifestábanos, Sra. concelleira, a súa preocupación porque aínda quedan moitas deficiencias que enfrontar. Manifestaban a súa preocupación de que FOANPAS estea hoxe asumindo a xestión dos comedores escolares, xestión que xa debería ter asumido a Xunta de Galicia e que nese sentido o BNG ven de reclamar no propio Parlamento de Galicia.

Sra. Concelleira, un goberno municipal ten tamén que actuar, non se pode estar única e exclusivamente na constante confrontación sen poñer enriba da mesa os nosos recursos, cales son as nosas prioridades. Queremos escoitar da súa boca cales son as prioridades e en que vai investir concretamente este goberno municipal. Mire vostede, co 10% das distintas humanizacións que ten xa anunciado o alcalde que van seguir acometendo, ampliáanse os comedores escolares desta cidade. Se a Xunta non o fai con menos dese 10% pode vostede aumentar os cheques para as garderías infantís e despois xuntamente co BNG lle quitamos as cores ó Partido Popular pola súa falla de investimentos.

Queremos que xa que o Partido Popular non o fai, xa que o Partido Popular ten

unha política clara de favorecer ao ensino privado, neste Concello e á hora de dar prioridade aos gastos se lle dea prioridade á sanidade, ao ensino público e aos servizos sociais. É vostede a que lle ten que reclamar a ese alcalde que tanto nomea que nos vindeiros orzamentos teña máis protagonismo na nosa cidade o ensino público por riba de humanizacións que, se son importantes sempre, nestes momentos esas deficiencias que vostede nomeaba son se cabe máis urxentes e prioritarias.

Vostede como concelleira de Educación ten que lle reclamar ao alcalde que tanto nomea que nos próximos orzamentos o ensino sexa unha peza fundamental na próxima acción de goberno. Iso é o que lle queremos escoitar na súa seguinte intervención, que o vai reclamar porque senón estará facendo vostede o mesmo papel que están facendo os do Partido Popular que miran cara outro lado cando o seu goberno non fai o que ten que facer no ensino público.

SRA. LARRIBA LEIRA: A verdade é que o Sr. Domínguez Olveira deixoume en boa medida sen discurso porque efectivamente penso que ese é o debate que nós temos que ter aquí.

Asegúrolle que teño información de abondo para contestar e tratar de poñer a verdade sobre a mesa en canto a todos os extremos aos que vostede se referiu, nos que terxiversou as intencións da Xunta de Galicia e os datos. Tamén tería que rectificar aquí algunhas das consideracións que fixo o concelleiro, Sr. Domínguez, pero é certo que estou profundamente de acordo con el en que o que temos que debater é cal é a política educativa municipal, o que van facer vostedes.

O que é certo tamén é que dende o inicio do curso vostede está ausente de todos os órganos onde tiña que estar ao comezo dun curso: Consello Escolar Municipal, Escolas Municipais, especialmente a Escola Municipal de Artes e Oficios. Meteron todos os ovos na mesma cesta, coma o Programa de inmersión en lingua inglesa, pero tamén todos os programas e accións educativas que se desenvolven dende o servizo de Educación están paralizados.

Díganos, por exemplo, que pasa co programa “Vigo por dentro”. Todas as súas responsabilidades están paralizadas e polo tanto é absurdo que nos poñamos aquí a facer un debate que se tiña que facer no Parlamento de Galicia e non

centrarnos nas cuestións educativas da cidade. Lémbrolle que Vigo pertence á Rede de Cidades Educadoras e penso que a súa xestión non está á altura.

Ao igual que o Sr. Domínguez Olveira, agardo que vostede explique aquí que é o que pensa facer cos temas educativos que dende hai xa un mes tenos esquecidos como xa dixemos.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Alucino con algunhas das palabras que escoitei por parte do Partido Popular sobre a miña ausencia nos órganos educativos. Resulta que a Escola de Artes e Oficios non se pode convocar porque o Partido Popular aínda non asignou aos seus representantes veciñais. Si se pode convocar legalmente pero a diferenza entre o Partido Popular e o Partido Socialista é que ao Partido Socialista lle gusta que todos interveñan. Eu non quero facer unha reunión coa metade da xente porque o Partido Popular non convocou aos seus representantes veciñais. Que cumpra o PP primeiro os seus deberes.

En canto ao Consello Escolar Sra. Larriba, exactamente o mesmo. Debería vostede saber que cambiaron os directores e entón a nova reunións de directores vaise facer precisamente este mércores. O mércores pasado que era cando estaba prevista a reunión, non se puido facer porque había folga en contra da política da Xunta.

Este goberno quere escoitar aos directores, de feito xa se reuniu con eles. O Consello Escolar convocarase unha vez que se reúnan e manifesten as súas propostas. A diferenza entre este goberno e o de vostedes é que nós escoitamos á xente. Eu non quero convocar un consello ás agochadas cando aínda non hai directores, nin convocar unha xunta reitora cando aínda non hai membros do Partido Popular. Primeiro fagan os seus deberes e logo convocaremos.

En todos os Plenos esta concelleira e polo tanto o Grupo Socialista, presentou mocións sobre a educación. Eu quero saber cantas mocións sobre a educación presentou o Partido Popular nos catro anos anteriores porque nesta etapa houbo unha por Pleno.

Con respecto ao que dicía o Sr. Domínguez Olveira. Coido que na miña intervención quedou claro cal foi a política destes catro anos e precisamente comprobouse que nestes catro anos a educación foi un dos piares básicos e

contemplouse de xeito moi especial en todos os orzamentos, dobráronse as axudas de comedores.

As FOANPAS están esixíndolle á Xunta que se faga cargo dos comedores porque é quen se ten que facer cargo. Como non o fai, o que nós fixemos foi dobrar o convenio para que poidan xestionar mellor os comedores. Esa foi a nosa actitude durante os últimos catro anos e seguiraos a ser durante os próximos catro anos.

Falaba das reformas nos comedores escolares. Hai un compromiso da Xunta de reformar para o ano 2010 o de Balaídos, Illas Cíes, Otero Pedrayo, Teis, Laxeiro e O Pombal. Que fixo? A reforma do de Balaídos e aínda non o rematou; en canto ao resto nin comezou. Este era o compromiso da Xunta para o 2010. A reacción deste goberno foi facer o de Castela, Carrasqueira, Escultor Acuña, Castrelos-Pereiró, Candeán, Mestres Goldar, Valle Inclán, Paraixal. É dicir, respondemos a cada non acción da Xunta cunha acción deste goberno municipal porque para nós si é moi importante a educación, sobre todo a pública.

Tamén nos atopamos coas bolsas de inglés. O Partido Popular tiña cero euros en bolsas de inglés e este goberno hai catro anos lanzou o programa de bolsas de inglés. Resulta que no ano 2011 como a Xunta elimina as bolsas de inglés, atopámonos con que se nos dobran as peticións e unha morea de nenos quedan sen acceder ás bolsas. A reacción deste goberno foi a de aumentar a dotación para bolsas.

O mesmo pasa cos comedores. Nestes momentos si hai un problema de comedores pero este goberno dobrou as axudas de comedor. O problema é que como a Xunta non ampliou e non cumpriu o seu compromiso de ampliar, agora resulta que nós lle podemos conceder a axuda para comer pero o neno non pode comer porque non ten espazo. Nestes momentos o que fixemos foi reunírmonos coas FOANPAs pero tamén se lle esixiu á Xunta que faga os seus deberes. Sabemos que non os vai facer, ten vostede razón, Sr. Domínguez, porque nestes catro anos non os fixo. A nosa resposta contemplada nos orzamentos foi que nós si atendemos, dobramos as bolsas, ampliamos os comedores, fixemos reformas nos comedores escolares, estamos en marcha coas garderías. Polo tanto estamos asumindo moito máis das nosas competencias.

Pero eu lembro unha moción que precisamente trouxen eu, que trouxo o meu

grupo o mes pasado, instando á Xunta, xa que non cumpría coas súas obrigas, que polo menos nos prestase financiamento porque estamos asumindo competencias que non son nosas, que son da Xunta. A resposta do Partido Popular foi que non.

Todo iso é o que está pasando continuamente nestes Plenos. Neste Pleno viñemos con catro peticións: que se facilite o pagamento de impostos, que a Xunta non diminúa axudas, que a Deputación invista en Vigo e que o hospital sexa público. A resposta do Partido Popular de Vigo foi que non a todo, foi que “por Vigo non me movo en absoluto”.

Sr. Domínguez Olveira, teña a certeza que a educación vai seguir sendo fundamental para o Partido Socialista e verao nos vindeiros orzamentos.

4.- MOCIÓNS.

4.1.- (219).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO QUE AS CONTRATACIÓNS DE PERSOAL SE FISCALICEN A TRAVÉS DO DEPARTAMENTO DE RECURSOS HUMANOS. EXPTE. 276/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de agosto, número 276/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, formula a seguinte moción:

“No mes de Xulio deste ano o protagonismo informativo do Concello de Vigo centrouse entre outros temas nas oposicións e nas contratacións de persoal. Situacións que chegaron ao extremo de provocar a intervención do Valedor do Pobo e que provocou por parte do noso grupo municipal a petición da depuración de responsabilidades.

Desgraciadamente nestes últimos anos foron notorias as noticias relacionadas con distintos feitos ocorridos no noso Concello en relación coas contratacións de persoal e aperturas de ofertas para concursos públicos.

Non dubidando da pulcritude e a forma de proceder dos tribunais encargados das seleccións, síconsideramos que a responsabilidade política no procedemento non está a ser a que demandan os cidadáns.

A profesionalidade dos funcionarios do Concello lévanos pensar que non se trata dun problema técnico, senón político.

Coa intención de corrixir estes feitos e ofrecer unha total garantía a quen se presenta a algunha oferta de emprego ou algún concurso para acadar a xestión de servizos do Concello de Vigo, esiximos ao goberno municipal adopte as medidas necesarias, correctoras se fose preciso, para que os cidadáns non teñan dúbida ningunha da xestión municipal dos seus representantes políticos.

Na procura de evitar estas desagradables experiencias, son os propios técnicos do Concello quen están a advertir aos responsables políticos do modo incorrecto de proceder na contratación de persoal que pasa a traballar e a ter unha nómina do Concello de Vigo.

Informes que advirten da necesidade de reformular o modo actual de contratar ante o risco de responsabilidades de toda índole, fan necesario a muda das costumes aplicadas ata o de agora.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Que calquera tipo de contratación de persoal que faga o Concello de Vigo, sexa fiscalizado o seu proceso polo departamento de Persoal.”

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, en sesión do 19 de setembro, por maioría, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: A xestión política do departamento de Réxime Interior, Recursos Humanos e Persoal, dirixida nos últimos anos polo Partido Socialista, lamentablemente está deixando moito que desexar. Este Concello converteuse nunha institución vulnerable a situacións nas que tivo que intervir a Policía Nacional, o Valedor do Pobo, a Fiscalía, a Garda Civil e ao final os xulgados. Pero o máis grave, ademais de que nos saquen as cores publicamente e ocupemos espazos con grandes titulares de radio, prensa e televisión precisamente por non facer ben as cousas, é que nos estea custando moito diñeiro a todos os vigueses.

O desprestixio que está soportando o Concello de Vigo pola mala dirección política ocasiona as consecuencias relatadas. O actual e anterior concelleiro de Persoal, que é o mesmo, non existe ou non quere existir porque non lle interesa. É mellor non se comprometer cos cidadáns que esixen eficacia e rigor no traballo

político que asumir unhas competencias que ofrezan garantías e resulten invulnerables diante de calquera actuación e reclamación contra o Concello de Vigo.

En ocasións a responsabilidade política vólvese invisible concluíndo en irresponsable. O exemplo no Concello de Vigo é o desleixo co que actúa este Goberno Socialista en minoría. Distintos informes das xefaturas do Concello remitidos ao goberno, en particular ao concelleiro de Persoal, son desprezados sen atender ás súas consecuencias malia que reiteradamente e entre comiñas manifestan con relación ás contratacións do Concello que “resulta absolutamente imprescindible efectuar un replanteamento do funcionamento”.

O Partido Popular pide que calquera tipo de contratación de persoal que faga o Concello sexa fiscalizado polo departamento de Persoal porque non se entende doutra maneira en ningunha outra empresa pública ou privada do mundo. Para garantir calquera reclamación xurídica que se presente e ofrecer seguridade xurídica; para que non supoña unha creba económica para as arcas municipais por reclamacións xudiciais e sentenzas firmes e, señores do Partido Socialista, señor concelleiro de Persoal, por transparencia que é o que precisamente non lle interesa ao Partido Socialista na xestión de persoal.

A mostra é palpable, tanto é así que ninguén entende como no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego non hai nin un só xurídico e nin un só técnico de administración xeral; os plans de emprego non se fiscalizan nin polo departamento de Recursos Humanos, nin pola Asesoría Xurídica que recoñecen que non se lles facilita a información xa que esta se reduce a un coto privado.

As consecuencias desta situación están ocasionándolle ao Concello recursos xudiciais con sentenzas condenatorias contra o Concello de Vigo que pagamos todos os vigueses.

A esta situación tamén lle temos que aplicar a palabra “desconfianza” que permanentemente se articula dentro e fóra da Casa polos que concorren na procura de emprego ao devandito servizo e do que Persoal nada sabe.

Dende o Partido Popular pedimos ao goberno que corrixa o procedemento interno, que sexan rigorosos, que acaten os informes e que lle devolvan o prestixio a esta Casa, que pola súa falla de transparencia perdeu o Concello de

Vigo. Os 1.395 traballadores do cadro de persoal non se merecen que pola irresponsabilidade política dun goberno como o actual sexan criticados dende o exterior.

SR. ALONSO PÉREZ: Se dende o BNG sempre apoiamos todas as medidas na liña de buscar a maior garantía e transparencia en todos os procesos de selección, nestes momentos nos que moitos cidadáns, moitas familias viven o drama do desemprego, coido que as administracións temos a obriga de garantir a maior transparencia en todos os procesos de selección de persoal, polo tanto imos votar a favor da moción do Partido Popular.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Comezarei lendo un informe do interventor xeral deste Concello, D. Juan Ramón González Carnero, sobre o programa VIAL 2006 cando o relator, Sr. Bernárdez de Dios, era asesor da daquela alcaldesa, D^a Corina Porro: “En relación coa cuestión en proceso (a selección de 68 peóns e 2 oficiais) constatouse a inexistencia dunha previa fiscalización por parte desta dependencia dos procedementos de aprobación das bases de selección deste persoal, así como no inicio das convocatorias de ditos traballadores. Dada a urxencia requirida, é de esperar que ambos procesos se axusten ao estipulado no artigo 35 do RD 364/1995, do 10 de marzo, sobre todo no que se refire ao cumprimento dos principios de mérito e capacidade, así como do de publicidade”. Estaba vostede, Sr. Bernárdez, como asesor da daquela alcaldesa e isto dicíao o interventor, dicía que nin sequera lle pasaran as bases para fiscalización.

Vostede mestúrao todo, confunde coa Mesa de Contratación, coa Garda Civil... pero logo non fala diso, fala doutra cousa. Vostede confunde e mestura para encubrir ao campión do desemprego de Galicia, ao azoute de Vigo e ao campión dos recortes sociais que é Feijóo. Mentres Feijóo estaba de turismo estes días polo Caribe, Panamá... dando unha volta por veren se pillaba algún voto, outros como o alcalde de Vigo ou o ministro de Fomento estaban traballando aquí.

Nesta moción vostedes deberían esixirlle á Xunta de Galicia que invista en Vigo en plans de emprego porque o mesmo que dicía a miña compañeira con respecto

a outras cousas, vostedes este ano nin sequera sacaron a convocatoria de obradoiros de emprego, un ano en branco cando poderían estar traballando homes e mulleres da nosa cidade que hoxe se atopan en situación de desemprego, pero iso non o fixeron. Fronte ao anterior goberno bipartito PSOE-BNG da Xunta de Galicia que investía nesta cidade ata dous millóns e medio de euros para a contratación de persoas do INEM que estaban en paro, vostedes só poñen 495.000 euros.

Iso é o que tiñan que estar vostedes esixindo, que o Partido Popular da Xunta de Galicia que é quen ten as competencias, invista nesta cidade e non calumniar como están a facer aquí sen achegar nada, Sr. Bernárdez, porque dos departamentos de Persoal e de Promoción Económica e Emprego está todo fiscalizado, todo pasa por Intervención, pola Asesoría Xurídica e todo pasa pola Xunta de Goberno Local e vostede sábeo porque ten os informes. Cando non pasaba era cando era vostede asesor da Sra. Porro, cando ela era alcaldesa que facían o que lles petaba e ademais a concelleira do ramo, Sra. Molares, formaba parte dos tribunais de selección. Agora non, agora están compostos por técnicos que ademais o fan moi ben.

Sr. Bernárdez, ten vostede un descoñecemento total dos plans de emprego. Dígolle máis, cando vostede esixe un xurídico ou non sei que máis en Emprego, sabe o que tiñan antes aí? Había un só técnico cando vostedes estaban, un só funcionario e todo o demais foron contratos que son os que provocan estas demandas en cadea que hoxe temos. Agora xa hai cinco funcionarios na Concellería de Emprego. Ademais acabamos de aprobar esta mañá unha regularización para que non se sigan dando eses problemas.

Vostedes están fracasando e o que queren é encubrir a súa falla de política de emprego nesta cidade como noutras, vostedes miran cara outro lado. Feijóo en dous anos e medio de goberno non fixo absolutamente nada por Galicia, nada por remataren co desemprego, nada por remataren coa crise económica e iso que dixo que ía rematar con ela en corenta e cinco días.

Documéntese. Non veña aquí con calumnias cando vostedes non tiñan control de ningún tipo.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Parece mentira que vostede proceda do mundo sindical, Sr. Rodríguez, e é lamentable que vostede fale de emprego. En cinco anos que levan gobernando e que vostede leva na mesma concellería da que estamos falando, nin un asesor xurídico, nin un avogado.

Eu sinxelamente ofrézolle aos medios de comunicación que collan un informe se llo facilitan, nós témolo aínda que nos custou Deus e axuda localizalo porque non entendemos por que está en Participación Cidadá. O expediente 7259/77, asinado por un xurídico dun dos departamentos importantes desta Casa, di o que tamén di o último orzamento desta Casa asinado por Recursos Humanos: que a situación que se está producindo na cuarta planta, na concellería da que é vostede é responsable, “ten o risco de responsabilidades para o persoal adscrito ao Servizo de Promoción Económica e Emprego, Intervención Xeral Municipal e servizo de Recursos Humanos derivadas da provisionalidade e inmediatez na xestión dos expedientes administrativos de contratación de persoal ... risco de responsabilidade de toda índole para o Concello de Vigo e as súas autoridades de continuar coas actuais dinámicas de funcionamento”. Máis claro, auga.

Dígame vostede se pasa deste informe o departamento que vostede dirixe e se ao Partido Socialista, gobernando en minoría neste Concello, dálle exactamente igual que vostedes contraten a través da Oficina de Emprego como están contratando.

(Está ausente o concelleiro do Grupo Socialista, Sr. López Font)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, instando ao Goberno municipal que as contratacións de persoal se fiscalicen a través do departamento de Recursos Humanos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.- (220).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO O ARRANXO DO MURO CONTIGUO ÁS PISTAS DEPORTIVAS DO COLEXIO JAVIER SENSAT. EXPTE. 309/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de setembro, número 309/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“Facéndonos eco da preocupación da comunidade educativa do CEIP Javier Sensat (Alcabre) e dos veciños que desde hai 25 anos usan as instalacións do colexio para actividades fora do horario escolar, advertimos a este Pleno sobre o deficiente estado no que se atopa o muro contiguo ás pistas deportivas do colexio, que ameaza con derrubarse.

Os servizos técnicos do Concello informaron da necesidade de levar a cabo a reforma do muro por considerar que non están garantidas as condicións de equilibrio e estabilidade, co consecuente perigo tanto para os alumnos do centro como para os veciños.

Neste mesmo sentido manifestáronse tanto a dirección do centro como a Xefatura territorial de Educación e puxérono en coñecemento dos responsables do Concello.

O muro non é medianeiro senón propiedade da leira lindeira, polo que o Concello é o responsable de esixir a súa reparación ao titular. En calquera caso ten a responsabilidade subsidiaria ao ser o centro de titularidade municipal.

Xa que logo, solicitamos ao Pleno do Concello que se tome o seguinte acordo:

Que o máis axiña posible se tomen as medidas necesarias para solucionar os problemas de estabilidade do muro contiguo ás pistas deportivas do CEIP Javier Sensat.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 19 de setembro, por maioría, ditamina favorablemente a anterior moción.

A Sra. Larriba Leira procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Co colexio “Javier Sensat” sen dúbida se está a producir un agravio. Por unha banda o Concello obriga a que os edificios pasen a

preceptiva ITE e neste caso, que están a correr risco os máis de douscentos alumnos deste colexio, vostedes semellan non ter ningunha présa.

Os pais comezaron premelos o pasado mes de marzo; seis meses máis tarde vostedes non fixeron nada. Saben quen é o propietario do muro que está a caer? Como é posible que non o saiban? É que non paga os seus impostos neste Concello? Que accións empredeu o Concello? E xa que a explicación que dá Educación é que non atopan ao propietario, que fan coa súa responsabilidade subsidiaria que ven recollida na normativa onde se di que é competencia do Concello? A LOUGA di claramente que o Concello ten a competencia de inspeccionar as obras e tamén de adoptar as medidas necesarias para restaurar a orde urbanística, neste caso un muro que está a caer nunha zona de xogo nun colexio.

Que pasa co decreto de disciplina urbanística que desenvolve a Lei do solo de Galicia que tamén di que as entidades locais han velar polo cumprimento da legalidade e que estas medidas de protección da legalidade urbanística son de exercicio inescusable por parte do Concello? No artigo 5 dise: “En ningún caso poderá a administración deixar de adoptar as medidas tendentes a restaurar a orde urbanística vulnerada ou a repoñer os bens afectados”.

Vostedes o que queren é que a Xunta faga un muro novo, pero non sabemos moi ben onde, se enriba do que está a caer, se ó carón porque non hai espazo. Saben ben que entre o muro que está a caer e as pistas deportivas hai escasamente un metro. Non sei exactamente que obra é a que pretenden que faga a Xunta.

O certo é que ese muro corre o risco de se caer, que a comunidade escolar puxo unha reixa para evitaren que os nenos se acheguen ao muro que cae e vostedes din que non saben nada, miran cara outro lado e, igual que fan con toda a xestión educativa na que o Concello ten responsabilidade inescusable, buscan o xeito e as argumentacións para lle botar as culpas á Xunta de Galicia. Isto é o que están a facer con este caso.

Eu pregunto, que fixo por atopar ao responsable, ao propietario do muro? Que fixo para lle obrigar a que poña remedio a esa inestabilidade do muro? Que resposta lle dá ao colexio? Resposta que vaia máis aló de botarlle as culpas á Xunta de Galicia e lavarse as mans como Pilatos.

SR. ALONSO PÉREZ: O día 2 de setembro o Consello Escolar do centro "Javier Sensat", diante da situación de gravidade, de perigo que se daba no colexio e xa que nin a Xunta, nin o Concello reparaban esta situación, decidiu pechar no colexio as actividades extra-escolares que se levaban realizando dende hai vinte e cinco anos.

Realmente a min o que unha vez máis me parece vergoñento é que a representante do Partido Popular vaia alí, vexa o problema e dedícase a dicir que se tomen medidas. A ineficacia, a incapacidade que teñen as administracións estamos demostrándoas diante dos veciños que reclaman algo tan normal como que un centro que ten un muro que é un perigo, e todos os que fomos alí vímolo, que non se poñan de acordo, dedícanse a cartearse. Vai o técnico do Concello e di que está moi mal e que o hai que reparar, que a Xunta o repare. Ó día seguinte vai o técnico da Xunta e di que efectivamente o muro é perigoso, que o Concello o repare. Levan así peloteándose.

Realmente non me estraña que moitos administrados estean cansos deste tipo de actitudes. Pero o colmo dos colmos é que unha concelleira do Partido Popular vaia alí, vexa o problema e agora, en troques de asumir responsabilidades e veren por que se resolva, o que di é que veña o señor de non sei onde e tome medidas. Pedímoslles un mínimo de seriedade. Aforren polo menos o taxi de iren un día e un día outro; vaian xuntos porque é unha vergoña.

Señores do Partido Popular da Xunta de Galicia, púñanse de acordo co Concello de Vigo, senten nunha mesa e resolvan o problema que é o que pide a comunidade escolar, é o que está dicindo a lóxica, é o que está pedindo a ANPA e o director do centro. Póñanse de acordo.

Efectivamente hai un problema de competencias. O muro da finca ao carón do colexio é da propietaria, o centro escolar non ten muro propio e a Xunta teno que construír; entón deixen de pelotear, senten e resolvan porque teño aquí unha morea de cartas e de informes técnicos duns e doutros que son vergoñentos, todo o mundo o que quere é non resolver os problemas. Xa está ben, é algo tan fácil como sentar nunha mesa e resolver.

Dende o BNG fixemos unha proposta de substitución da resolución da moción do

Partido Popular que non di nada, di que se tomen medidas, non se sabe quen. Dicimos: “Que o goberno local e a Xunta de Galicia se poñan de acordo nun prazo de quince días e resolvan o que está solicitando a comunidade escolar”, que é que as dúas administracións se poñan de acordo.

En todo caso hai unha emenda do Partido Socialista que nós estamos dispostos a estudar pero co criterio de que se resolva porque neste Pleno non podemos seguir pelexando, a Sra. Larriba para defender aos seus xefes do Partido Popular de Santiago, tapándolle a súa responsabilidade e o Concello sen aceptar que ten unha responsabilidade no muro da veciña. Polo tanto senten as dúas administracións e resolvan xa que é o que demanda a lóxica, o sentido común e a comunidade escolar.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Cada día alucino máis coa capacidade de terxiversación dos datos e das datas que fai o Partido Popular. Gustoume moito a intervención do Sr. Alonso que ten toda a razón.

Imos comezar pola historia. O 2 de maio a Dirección do colexio ponse en contacto connosco para nos informar que o muro medianeiro, tal e como pon no seu escrito, presenta problemas. O 3 de maio, un día despois, este Concello preséntase nese colexio, detecta os problemas do muro e o primeiro que fai e pechar e valar a zona, pon un precinto de seguridade inicialmente mentres non se fan as obras necesarias. Aclarar que o peche de seguridade fíxoo este Concello, persoal deste Concello con material do Concello foi quen fixo o valado de seguridade.

Mentres, como se trata dun muro medianeiro a responsabilidade é tanto do propietario do colexio, de quen xestiona o colexio -a Xunta de Galicia-, como do propietario da finca, transmitímoslle a información aos dous. O noso asombro foi cando a Xunta nos responde e dinos que o muro non é medianeiro, que é dunha persoa particular. O noso primeiro asombro foi ao veren como a Xunta é capaz de ter un colexio sen pechar e botar a responsabilidade dese peche do colexio sobre unha veciña particular. A min estrañoume moito que a Xunta non pensase que tiña un colexio sen pechar e que o primeiro que tiña que facer fose pechalo porque é esa a obriga.

Pode haber moita discusión sobre cales son as competencias dunha e doutra administración pero hai dúas que son moi claras: Xunta, construír. Concello, manter-conservar. Se non hai muro non se pode manter e conservar. Polo tanto en primeiro lugar a Xunta ten que construír un muro, é a súa obriga. Pero xa moi ben dicía antes o Sr. Domínguez Olveira que a Xunta o que fai é mirar cara outro lado; vemos que o Partido Popular de Vigo tamén.

A reacción deste Concello foi pechar inmediatamente a zona de seguridade, dicirlle á Xunta que ten que construír o muro e facelo de forma inmediata e por suposto localizar á propietaria e instruír un expediente porque é certo que os muros non se poden ter de calquera maneira. Instrúese un expediente para a propietaria da finca a fin de que poña o muro en condicións. Pero o que pode pasar é que como é un muro particular, privado, a propietaria da finca pode decidir mañá que o vai tirar. Por que ten que ter ela un muro particular? Pódeo tirar. Pero, que pasa entón co colexio? Que a Xunta se atopa cun colexio sen pechar, que a Xunta tivo durante vinte e cinco anos un colexio sen pechar. É máis, temos unha queixa da veciña na que di que os nenos saltan o muro e se meten na súa finca, que precisamente puxo o muro para que os nenos non salten. O que está pedindo a veciña é que se faga o muro.

Polo tanto nós o que propoñemos na emenda é dicir que é certo, que cada quen faga os seus deberes, o Concello os seus e polo tanto detectar á veciña e instala a que faga o muro en perfectas condicións, que pode facer o que queira, pode decidir tiralo, ten un prazo de dez días para o facer. Eses son os deberes do Concello e por iso o poñemos na emenda porque nós temos os nosos deberes. Os nosos deberes son que os muros non poden estar así e por responsabilidade, como pasa con calquera edificio que non pode estar de calquera xeito, temos que esixir á propiedade que o manteña en boas condicións. Polo tanto puxemos os nosos deberes, van na emenda, pero os deberes xa se fixeron, xa se instou á propietaria que ten un prazo de dez días para que proceda.

A segunda parte da emenda trata de instar á Xunta a que faga o muro porque dende hai vinte e cinco anos ten un colexio sen muro. Xa se advertiu porque fomos por alí. Se a resposta da Xunta é non, por suposto que nós faremos o muro, pero iso si, sacarémolle as cores a todo mundo, empezando por vostedes

porque son vostedes do Partido Popular os que teñen que defender a un colexio de Vigo e se saben que a responsabilidade da Xunta é construír, son vostedes os que teñen que dicir aquí que hai que instar á Xunta a que constrúa o muro porque non pode ter un colexio sen pechar e deixar a responsabilidade nun veciño.

Ese é o problema da Xunta, que non está en Vigo, non se sabe onde está, estará en Santiago, na Coruña, no Ferrol..., Deus sabe onde, pero non está en Vigo e por iso ante calquera problema de Vigo, como se veu neste Pleno e en todos os Plenos, cada vez que se di algo da Xunta que afecta a Vigo a resposta do Partido Popular é dicir que a Xunta non, que a Xunta actúa noutros sitios pero en Vigo non.

Por iso nós propoñemos aquí unha emenda que di que nós fagamos os nosos deberes e que instemos á Xunta de Galicia a que faga os de seu.

SRA. LARRIBA LEIRA: Efectivamente, falando enténdese a xente. Alégrome moito, máis despois de escoitala, Sra. Díaz, de presentaren esta moción porque coido que entre todos recoñecemos que aquí hai dúas responsabilidades. Por unha banda o muro que non é o que di a Xunta, é o que din os servizos xurídicos da Xunta que son quen determinan que ese non é un muro medianeiro senón lindeiro dunha finca e está ben que vostede recoñeza aquí que ten a responsabilidade, parece que o acaba de dicir agora. Alégrome moito porque o muro leva anos en mal estado ou sexa que me alegro que esta moción a levara a vostede a iniciar ese expediente, a localizar á propietaria e a resolver a obriga que vostede ten que é o que vimos pedir aquí, nin máis, nin menos, Sr. Alonso.

Vimos pedir aquí que o Concello cumpra coa súa responsabilidade que é a de obrigar á propiedade que arranxe o muro ou que o tire. Vostede sabe que ese non é o único muro senón que polo sitio onde está construído o colexio, case todos os muros que o rodean son de veciños lindeiros pero se os propietarios deciden tirar eses muro loxicamente a Xunta terá que facer muros novos. Aí estamos completamente de acordo.

Alégrome moito de que aclaráramos aquí a situación porque vostede en ningún momento se puxo en contacto coa Xunta para tentar dialogar sobre este tema.

Por iso insisto no que xa dixen antes: o que necesitan os colexios de Vigo é unha concelleira valente, que dialogue, que sente coa Xunta de Galicia para evitaren eses peloteos de se é infraestrutura ou mantemento e que pacten un calendario de obras, de investimentos. Vostede sabe que a Xunta de Galicia está investindo moito nos colexios de Vigo e xa non hai tempo para que lle faga un relatorio dos investimentos.

O que ten que facer vostede é sentar coa Xunta e definir as prioridades, que carga orzamentaria vai asumir o Concello e cal a Xunta. Eu pídolle que faga iso porque a día de hoxe non o fixo. A Xunta contestou ás reclamacións do colexio e explicoulle isto. Vostede resolva a súa responsabilidade porque o espazo que queda para que a Xunta poida meter no medio un muro propio é moi escaso. Resolva vostede o seu problema no que ten responsabilidade e logo, de quedaren sen muro, estarei con vostede en reclamarlle á Xunta a construción dun muro novo.

A PRESIDENCIA: Está presentada unha emenda do Grupo Socialista e entendo que unha segunda emenda do Bloque Nacionalista da que non temos copia, pero é a emenda *in voce* do concelleiro, Sr. Alonso. O Pleno tense que pronunciar sobre a admisión a trámite.

SR. ALONSO PÉREZ: Retiramos a nosa emenda porque o sentido que tiña era que as dúas administracións se puxeran de acordo dunha vez e resolveran o problema. Na emenda que presenta o Partido Socialista admite a responsabilidade do Concello e actuar consonte esa responsabilidade e esixe á Xunta que tamén na súa responsabilidade resolva o problema.

Aceptamos polo tanto a emenda do Partido Socialista.

A PRESIDENCIA: O Grupo proponente acepta a votación da emenda?

SRA. LARRIBA LEIRA: Non imos aceptar a emenda.

A PRESIDENCIA: Procedemos á votación da moción nos seus termos orixinais.

Emenda de substitución formulada pola concelleira do Grupo Socialista, D^a Raquel Díaz Vázquez, por escrito de data 26 de setembro:

Solicitamos ao Pleno do Concello que se tomen os seguintes acordos:

- 1.- Que por parte do Concello se tomen as medidas necesarias para solucionar os problemas de estabilidade do muro contiguo ás pistas deportivas do CEIP Javier Sensat, tal como xa se está a facer.
- 2.- Que por parte da Xunta de Galicia se proceda de forma inmediata á construción dun muro propio no CEIP Javier Sensat por carecer este colexio de peche propio.

A relatora da moción, Sra. Larriba Leira, non acepta a anterior emenda polo que a Alcaldía-presidencia non a somete a votación.

(Non está presente o concelleiro do Grupo Socialista, Sr. López Font)

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. Larriba Leira, instando o arranxo do muro lindeiro ás pistas deportivas do colexio Javier Sensat, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

S.Ordinaria 26.09.11

4.3.- (221).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO SE RESPECTEN AS ESTRUTURAS CULTURAIS XA CREADAS NA CIDADE E SE INFORME DE FUTURAS ACCIÓNS CULTURAIS A REALIZAR. EXPTE. 310/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de setembro, número 310/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte moción:

“Vigo viviu unha situación de gran relevancia nos últimos anos no que respecta á situación musical, dende o punto de vista do creativo ate no plano da interpretación e difusión. Os diferentes estilos musicais, formacións, compositores, produtores, así como unha especial relevancia das bandas de música dentro da contorna viguesa e as corais súmanse xunto á educación musical a un enclave perfecto que permite desenvolver unha análise clara da importancia que ten Vigo e a súa comarca en canto ao traballo que desenvolven os diferentes colectivos.

A concellaría de Cultura e Festas do Concello de Vigo nos últimos días de xuño e primeiros de xullo anunciaba novas formulacións e reflexión acerca da suspensión de concertos para as festas da nosa cidade e tamén a posibilidade de anular outro tipo de manifestacións culturais cunha ampla traxectoria e prestixio. A iso súmase o desconcerto sobre as futuras programacións culturais do Concello de Vigo e a súa formulación no Auditorio Mar de Vigo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Respectar as estruturas culturais xa creadas na cidade, contando coa opinión de todos os seus axentes, converténdoo en observadores da propia produción e xestión.

Que informe sobre as futuras accións culturais que vai realizar dende o goberno municipal na cidade de Vigo”.

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión do 19 de setembro, por maioría, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RELOVA QUINTEIRO: No nome do Grupo municipal do Partido Popular presentamos esta moción perante do Pleno por considerar que pasou un

prazo razoable, máis de cen días, para dar conta do abandono e escaso interese polo noso patrimonio e acción cultural.

Vimos nestes últimos meses como se anulaban diferentes actividades musicais, improvisouse en todos os rexistros que se refiren ao ámbito da cultura, dende as festas, ciclos, festivais, concertos... un total desconcerto diante da nula existencia dun plan estratéxico para a cidadanía no que se contemple un normal desenvolvemento dunha cidade como é Vigo. Péchanse museos por obras ou abandónanse arquivos históricos non se sabe con que obxectivo ou destino; non se promocionan os contidos das estruturas que existen en Vigo. Inaugurouse o que podería ser unha icona da nosa cidade, o Auditorio "Mar de Vigo", que abriu as súas portas sen os seus órganos vitais e só polo afán do inaugurar con fins electoralistas.

En definitiva, non pasou nada dende que vostede, Sr. Caballero, preside a Corporación. A cultura non lle importa, como tampouco lle importa a educación. Merece Vigo converterse nunha pequena aldea illada pola súa caprichosa e eterna confrontación co inimigo invisible? Ou quizais pola ausencia de contidos e proxectos no seu goberno? Deixará que Vigo se derrube no económico, no social e no cultural? É curioso que a escusa para xustificar calquera recorte ou para fulminar concertos, festivais ou arquivos sempre é a crise.

O Partido Popular e o seu grupo municipal neste Concello defendeu no seu programa electoral un novo concepto de modelo de cultura, defendeu o que toda Europa e os países americanos comprenderon que é e que supón a cultura no noso século XXI.

Os titulares de prensa e medios de comunicación do 10 de setembro deste ano recollían as argumentacións e conclusións do Congreso Europeo de Cultura que Polonia organizaba con motivo de ostentar por primeira vez a Presidencia de quenda da Unión Europea. "O futuro de Europa depende da cultura", aseguraba o pensador polaco Zygmunt Bauman na inauguración en Wrocław e engadía que a cultura é o salvavidas de Europa.

Phillip Cairn neste mesmo congreso defendeu que hai que empezar a deixar de pensar na cultura como nunha illa autónoma dentro do marco social, "Nestes momentos hai que situala no centro do discurso social e económico da nova

sociedade”, e non só porque actualmente a industria cultural proporciona millóns de empregos e supón unha parte importante do Produto Interior Bruto, nin tampouco porque cando China quere desenvolver unha economía creativa ven Europa na procura de talento, senón porque aínda que non nos decatemos e segundo Cairn, é o noso principal recurso económico como o sería o petróleo para outros.

Hai uns días e tamén na mesma liña realizouse o IV Congreso Iberoamericano de Cultura que se desenvolveu na cidade argentina de Mar del Plata para falar da cultura como forma de vida máis aló das belas artes ou o consumo de produtos culturais. Ademais o eixo deste encontro foi a transversalidade. Neste congreso apuntaba Mónica Guariglio que hai que pensar, hai que sacar a cultura da axenda ornamental, non pode ser a guinda que acompañe ao desenvolvemento, debe formar parte del. A cultura xa non se pode vivir ou desenvolver como un feito illado. Temas como a violencia, a economía, a innovación tecnolóxica ou a xeopolítica están presentes de xeito transversal coa cultura”.

Sostén o sociólogo chileno, Patricio Rivas, neste mesmo congreso que “A cultura non é un compartimento estanco, afecta á seguridade das sociedades, á saúde, ao medio ambiente e á educación. Cando se crea un programa cultural dirixido á mocidade non só se promove a creatividade, senón que simultaneamente se contribúe a mellorar o benestar social, as relacións persoais, a formación e as oportunidades de participar no mundo”.

A cultura, Sr. Alcalde, ademais ten unha dimensión engadida: crea solidariedade entre a xente e isto é o que agora precisa Europa, é o que precisa Vigo. Abandone a carroza da soberbia e permita que o equipo da Concellería de Cultura poida traballar por unha cultura aberta que nos fará máis libres a todos.

Sr. Alcalde, como vostede é escritor, voulle lembrar un fragmento que lle encantará e que escribiu García Lorca nun discurso en 1931: “Ataco violentamente aos que só falan de reivindicacións económicas sen nomear xamais as reivindicacións culturais que é o que os pobos piden a gritos. Ben está que todos os homes coman, pero que todos os homes saiban, que gocen de todos os froitos do espírito humano porque o contrario é convertelos en máquinas ao servizo do Estado, é convertelos en escravos dunha terrible organización

social”.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Ten razón o Sr. Relova en moitas das cousas que cita nos antecedentes da súa moción. Ten razón cando di que Vigo viviu unha situación de gran relevancia nos últimos anos no que respecta á situación musical, no creativo, etc. Ten moita razón porque efectivamente nos últimos catro anos houbo un esforzo moi importante do anterior goberno en áreas que dependían do Bloque Nacionalista Galego nas que se fixo un grande esforzo por recuperar a cultura popular, dotar á cidade dunhas festas coa relevancia que merece, de loitar e traballar polo patrimonio histórico, de establecer por fin unha verdadeira rede de museos e tamén de establecer por fin unha rede de bibliotecas municipais de barrio.

Efectivamente ten razón o Sr. Relova cando di que nestes últimos anos Vigo contou cunha gran relevancia no eido cultural. Vostede mesmo, Sr. Relova, participou ademais en moitos temas importantes para esta cidade e ademais cunha boa participación, por que non o dicir, vostede foi o director do Are More durante moitos anos, ten moito que ver tamén coa creación na nosa cidade da orquestra xuvenil; traballos e prestixio cultural que vostede ten que evidentemente reconece esta cidade e como non, recoñécelle tamén este concelleiro.

Agardamos polo tanto de vostede, Sr. Relova, igual ca antes agardábamnos da concelleira de Educación, que defenda a cultura de Vigo. Agardamos que logo de ter tomado posesión como concelleiro do Partido Popular sega representando a cultura de Vigo, que sega sendo un home da cultura desta cidade e como tal lles pida, reivindique aos seus compañeiros, aos que están aí e aos que ten na Xunta de Galicia, que aposten pola cultura na nosa cidade porque como ben dicía a cultura é futuro.

Agardo que sexa vostede quen, ao igual que agardamos da concelleira de Educación en materia educativa, de reivindicarlle por exemplo ao seu compañeiro de filas, Sr. Figueroa, que cumpra dunha vez por todas coas achegas á Fundación Marco da nosa cidade, que cumpra cos investimentos que precisa esta cidade. Ou que lles diga aos seus compañeiros da Xunta que nos últimos

anos os investimentos culturais do Partido Popular nos museos da nosa cidade foron absolutamente cero. Lémbrolle as hemerotecas, Sr. Relova, cando vostede mesmo era quen reclamaba máis axudas das administracións para eventos culturais tan importantes como ese Are More que tan ben presidiu vostede. Agardo que siga defendendo a cultura desta cidade e por iso lle imos votar a favor da moción.

Pero tamén nos preocupan algúns pasos dados por este goberno. Agora me quero dirixir ao Sr. Alcalde porque parece que nos últimos tempos só se fala do que abandeira el, parece que nesta cidade ao único que se lle dá importancia é ao que vostede sae anunciar. Non estamos escoitando a ningún concelleiro ou concelleira dando explicacións de por que fan o que fan, presentando cales son as súas iniciativas ou cales as súas ideas de futuro en cultura. Para nós é estratéxico seguir mantendo esa aposta pola cultura.

Sr. alcalde, non queremos nin precisamos ser os seus socios estratéxicos. O noso único socio é a cidade de Vigo, pero si lle queremos pedir no nome do BNG respecto a un goberno que durante catro anos apostou pola cultura nesta cidade e que vostede mesmo presidiu, respecto polo feito neses catro anos porque vostedes reducen os horarios nos museos, se cargan o Centro de Artesanía Tradicional, no Arquivo Pacheco botan á rúa á persoa que máis sabe nesta cidade dese Arquivo agora que se está construíndo o Centro Galego de Fotografía. Pero iso si, vostede anuncia un novo museo para esta cidade, seica o museo de Rande.

Pedímoslle precisamente iso, respecto, Sr. Alcalde, pola nosa cultura, respecto por ese goberno que vostede presidiu e que iniciou un traballo moi importante e que por suposto dende os nacionalistas non imos deixar que esmoreza.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Abraiada, Sr. Relova. Vou dicir unha ousadía porque a dereita sempre tentou arrouparse cos intelectuais da esquerda, pero que saque a García Lorca me parece un pouco forte por parte da dereita. Que dende ese lado, dende a dereita, pretendan darnos leccións sobre a cultura é un pouco forte. A vostedes gustaríalles que nin a cultura nin a educación existixen e é o que están facendo porque tanto a cultura como a educación fan aos homes máis

libres e para vostedes, para a dereita, ese non é o seu obxectivo.

En primeiro lugar dicirlles que lles imos votar a favor aínda que non sei o que di, non entendo nada. Fala de respectar as estruturas culturais xa creadas. Vale, estámolo a facer.

Futuras accións culturais que se van realizar dende o Concello de Vigo. Sr. Domínguez Olveira, estamos respectando profundamente todo o que se viña facendo no anterior goberno municipal do que vostedes eran responsables. Estamos potenciando a programación municipal de artes escénicas e musicais a través dos programas dirixidos a todos os públicos, o Festival Alternativo, a Rede Municipal de Teatro por barrios “Vigo a escena”, a programación no Auditorio municipal a través dos programas “Con T de teatro de adultos e con t minúsculo”; a programación teatral dentro do programa das festas; recuperamos un ciclo teatral para adultos e potenciamos a programación para o público familiar; apoiamos ás compañías da cidade para estreo de novas obras; o Festival de Jazz “Imaxina Sons”.

O único novo foi “O Son de Vigo”, por certo cun notable éxito. Apoiamos as iniciativas privadas que sexan de interese para a cidade, Festival “Sen Sal”, “Festiclow”, “Ensaie Arte Libre”. Apoiamos aos colectivos culturais da cidade a través dos convenios que permiten desenvolver a súa actividade durante todo o ano por todos os barrios, bandas de música, “Acopovi”, “Move Vigo”, “Vente con nós”, magosto, Federación de Peñas, Cine Club “Lumière”, programas municipais, programa de Nadal, cabalgata de reis, ciclo de corais e bandas, o entroido, festas de verán, Festival Folclórico Internacional, Xornadas de Danza e Música, Xornadas de Filosofía que por certo, terán lugar o 4, 5 e 6 de outubro ás que están vostedes invitados; apoio á Federación de Libreiros de Galicia; potenciación da Rede Bibliotecaria “Neiras Vila”.

E agora si voume parar na potenciación, reorganización e reestruturación da Rede Museística Municipal. Non se está pechando absolutamente nada; estanse reorganizando e optimizando os recursos. O CAP vai ser perfectamente atendido a través do Museo Liste. No tocante ao arquivo Pacheco non se pechou, segue funcionando e a persoa que estaba contratada a través dunha empresa que non ten nada que ver co Concello, falouse con ela e está todo acordado e aceptado;

S.Ordinaria 26.09.11

segue funcionando, está aberto, en troques de catro hai tres persoas que son suficientes para atender o Arquivo Pacheco.

Hai que aclarar que non existiu, non existe, nin existirá ningún director de ningún festival "Are More", Sr. Relova, este festival creouse cando era eu concelleira de Festas e déuselle a unha empresa para que o xestionara. Vostede erixiuse en director dese festival por traballar para unha empresa privada, todo subvencionado polo Concello. Tampouco hai director do Arquivo Pacheco senón que era unha empresa a que o xestionaba e está aberto pero en troques de catro, hai tres persoas traballando porque consideramos que son suficientes.

Seguimos elaborando programas de exposicións temporais na Casa das Artes e na Casa Galega da Cultura. As exposicións ata decembro xa están organizadas, agora mesmo empeza a de Portas na planta baixa, na planta primeira está a de "Emigración de mulleres valentes", "40 anos de acción humanitaria independente-Médicos sen Fronteiras" será agora en outubro, o Maratón fotográfico será no mes de novembro, na Casa Galega da Cultura o convenio coa Universidade de Vigo e o centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro. En canto á Rede de Bibliotecas presentárase axiña a programación da biblioteca "Neiras Vilas" e irán saíndo novos programas. De momento está pechada a programación ata finais deste ano.

Non hai absolutamente nada pechado, todo segue funcionando e estamos potenciando e tratando de optimizar os recursos. Hai algúns museos que deben estar pechados á primeira hora da mañá, por exemplo o "Verbum", que non ten moito sentido que estea aberto aínda que si a última hora da tarde, a cousa é que se abres un pouco máis tarde pola mañá deixas aberto un pouco máis pola tarde.

Imos votar a favor.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Gracias, Sr. Alcalde; gracias ao Sr. Domínguez e ao Grupo do BNG polas palabras que dixo. Agradézollas sinceramente.

Desculpe, Sra. Abelairas, pero a min nomeoume D. Carlos Príncipe cando era concelleiro de Cultura, se o que queren é obviar e borrar do mapa a Carlos Príncipe como quen inaugurou e presidiu ese festival ata eses límites, paréceme

un tanto doloroso. Fagan o que queiran co partido de seu.

En segundo lugar hai algo que si me doeu persoalmente porque ninguén ten o patrimonio nin da cultura, nin da sensibilidade. Non diga que Lorca é patrimonio da esquerda porque me río da esquerda actual. Fíxese ben, Sra. Abelarias, que o Partido Popular é o partido da cultura, da liberdade e da diversidade, atrás quedan os vellos tópicos. O PP axuda á construción dunha sociedade moderna. Mire Madrid e Valencia que se converteron en capitais da cultura mundial. Valencia cunha alcaldesa do PP é xa un referente de calidade en todo o mundo en canto aos espectáculos musicais operísticos.

Di Francesco Saponaro, tamén un director italiano de teatro de esquerdas, que esta é a crise das hipocrisías, dos falsos valores, “A cultura como unha familia -di-constrúese con sentimentos, con cariño e non con palabras”.

Pero me vou referir ao Sr. Conselleiro de Cultura, D. Roberto Varela, quen en “El País” facía unhas declaracións que dicían: “Tamén me sinto moi orgulloso porque trouxemos liberdade á cultura de Galicia. Non temos ningún tipo de dirixismo ideolóxico e contamos con todos sen preguntar a quen votan”.

Esta fin de semana veremos a Luís Tosar nunha produción do Centro Dramático Galego. Pero tamén lles quero lembrar moitas cousas que nos poden axudar: “Amigos de la ópera” de Bilbao segundo unha auditoría xera coa súa actividade 12,14 millóns. A Deputación biscaíña ingresou un 50% máis ca suma de todos os patrocinios de todas as institucións vascas.

Fagan algo pola cultura, de verdade, xera emprego e turismo. Abandonen a carroza da soberbia, do patrimonio da cultura de esquerda porque é da sensibilidade das persoas, é da humanidade.

(Non está presente o concelleiro do Grupo Socialista, Sr. López Font)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, instando ao goberno municipal a respectar as

estruturas culturais existentes e solicitando información sobre futuras accións, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

A PRESIDENCIA: Esta mañá, ao comezo do Pleno presentouse unha moción do Grupo Popular sobre unha comisión de investigación e unha moción do Grupo nacionalista sobre un tema relacionado con albergues. Presentáronse xusto antes de iniciar o Pleno. Prégolle ao secretario que nos informe sobre o que di o Regulamento das mocións urxentes.

SR. SECRETARIO DO PLENO: O artigo 82.1 do novo Regulamento do Pleno advirte que as mocións urxentes deberanse presentar polo menos con vinte e catro horas de antelación no Rexistro da Secretaría Xeral. É dicir, dado que o Pleno é o luns, neste caso antes das nove da mañá do sábado. Polo tanto as mocións presentadas están fóra de tempo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Eu acepto a lectura do secretario do Pleno pero aquí sempre se presentaron así, nunca se nos advertiu do contrario e pensamos que cando un grupo trae unha moción urxente é porque o é.

Neste caso sería practicamente imposible que o BNG puidera presentar a moción sobre o albergue antes das nove da mañá cando este foi un tema que se presentou fóra da orde do día da Xunta de Goberno Local do propio venres e polo tanto era practicamente imposible que nós puideramos ter o expediente para presentaren esa moción urxente. Este concelleiro que lles fala decátase da aprobación dese expediente o sábado polo mediodía cando empeza ler os xornais e escoitar a radio.

Era imposible, Sr. Secretario, poder coñecer o sábado ás nove da mañá que o día anterior se aprobara este expediente fóra da orde do día. Esa é a única razón pola que o BNG presenta esta moción. Pero evidentemente, se non hai flexibilidade nese sentido aceptámolo, non pasa absolutamente nada e

presentaremos a moción ao seu debido tempo.

SR. FIGUEROA VILA: Como foi costume nos últimos Plenos, presentáronse varias mocions no último e nos anteriores, mocions urxentes de todos os grupos, a algunhas se lles deu o praxe e outras rexeitáronse.

Nós non imos poñer ningún problema sempre e cando conste en acta e este sexa o criterio para sempre.

Eu entendo ao Sr. Domínguez Olveira cando di que hai temas que poden ser máis ou menos urxentes, pero en calquera caso se este é o criterio que queda fixado para sempre parécenos ben. É dicir, se a moción non se presenta con corenta horas de antelación no Rexistro que non se trate como urxente, como se queremos chegar a algo máis coma á Xunta de Voceiros.

Nós o que queremos é que haxa un criterio para que todos os grupos saibamos a que nos ater. Con iso presentaremos a moción como ordinaria para o vindeiro Pleno. Anunciamos xa que imos seguir mantendo esa moción porque consideramos que o tema é urxente.

A PRESIDENCIA: Penso que nós aprobamos un regulamento para o respectar. Polo tanto está a opción de que decidamos que o Regulamento é sinxelamente orientativo e a segunda é que o respectemos.

Eu xa anuncio que imos votar a favor a moción do BNG e que imos votar a favor dunha comisión de investigación, pero creo que debemos respectar os regulamentos, para iso elaboramos un novo Regulamento.

Eu diría que a partir de agora utilicemos como norma a interpretación do Regulamento que faga o secretario.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Eu xa dixen que nos parece ben, parécenos mellor aínda que aproben a nosa moción.

Para nós o importante é que as cousas se fagan. Vostede acaba de anunciar, Sr. Alcalde, que aprobará a nosa moción, cousa que nos parece fenomenal, pero ao igual que nos pide a nós que sigamos o Regulamento, cousa que imos facer, eu tamén lle pediría que cando haxa temas sensibles e importantes nesta cidade

sobre os que ademais grupos da Corporación, como xa fixemos nós, manifestamos tanto pública como persoalmente a nosa contrariedade cuns certos temas, que non se leven fóra da orde do día e que se nos permita poder analizar os expedientes ao seu debido tempo.

5.- (222).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

- * ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ, SOLICITANDO Á ALCALDÍA COPIA DE DOCUMENTOS EXHIBIDOS NA REUNIÓN DA COMISIÓN EUROPEA DA COMPETENCIA.

SR. ALONSO PÉREZ: Como todo o Pleno coñece, a pasada semana houbo reunións entre a Comisión Europea da Competencia e os ministerios de Industria e Economía para negociar o futuro e a saída do tax-lease. Lembro que no anterior Pleno o Sr. Alcalde fixo exhibición duns folios onde parece ser, porque non nolos pasou, que figura a posición do goberno e a posible saída a proposta do goberno. O rogo é que por favor se nos pasen aos grupos da Corporación eses folios que o Sr. Alcalde no anterior Pleno dixo que tiña e que eran a proposta do goberno.

A PRESIDENCIA: Contestaremos por escrito.

6.- (223).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

- * PREGUNTA DA SRA. CENDÓN ALONSO, DO GRUPO POPULAR, RELATIVA Á EMISIÓN DE INFORMES DE ADECUACIÓN DE VIVENDA POLO CONCELLO.

SRA. CENDÓN ALONSO: O Grupo Popular ten unha pregunta. Recentemente a concelleira de Igualdade cursou unha carta ás asociacións que veñen traballando no ámbito da inmigración na que se dicía que o Concello vai deixar de emitir os informes de adecuación de vivenda.

Nesa carta figura a data do 15 de setembro. O Grupo Popular pregunta en que situación se atopa a emisión de informes neste momento.

A PRESIDENCIA: Contestaremos por escrito.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, RELATIVA ÁS XESTIÓNS REALIZADAS POLO SR. ALCALDE SOBRE O CONFLITO DO NAVAL.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Como sabe o Sr. Alcalde e toda a cidade, o naval de Vigo leva máis de tres meses paralizado por unha decisión de suspensión dun sistema de financiamento chamado tax-lease. Todo o mundo sabe que o sector naval é estratéxico para a cidade, emprega máis de 14.000 persoas e dá traballo a unhas 300 empresas.

Queremos saber que xestións está a facer o Sr. Alcalde para solucionar o problema do naval.

A PRESIDENCIA: Contestaremos por escrito.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, EN RELACIÓN CO PECHA DO PISO DE ACOLLIDA PARA MULLERES.

SRA. VELOSO RÍOS: Dende o Bloque Nacionalista Galego queremos preguntar polo feito do peche dun piso de acollida para mulleres sen teito que se abriu no pasado mes de marzo, un recurso que partía do piso-vía de necesidades intermedias que daquela se demostrou pouco acaído e cunha baixa ocupación e que se transformou neste piso con baixos requisitos para mulleres da cidade que non teñen un fogar. Constaba de cinco prazas para mulleres sen fogar e ademais tamén co traballo dunha educadora social e dunha traballadora social, ofrecía servizos de lavandería, cea, almorzo e de acompañamento a outros servizos

sociais que presta tamén este Concello.

No BNG queremos saber cal é a razón de que se decidise pechar este piso ao remataren o mes de agosto, sobre todo tendo en conta a falta de recursos para mulleres sen fogar da nosa cidade porque son moi poucas as prazas que hai para elas.

Ademais tamén saber a que se dedica o piso agora mesmo e a que se vai dedicar no futuro, se está pechado ou non porque é un piso que dende o primeiro momento, dende que se cedeu ao Concello por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo, concibiuse como un piso de acollemento para mulleres sen fogar.

A PRESIDENCIA: A concelleira de Política do Benestar insiste en contestar.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Gracias alcalde, a verdade é que lle agradezo moito que me permita contestar porque ás veces hai malas interpretacións con respecto a iso. Coido que sabe vostede, Sra. Veloso, que o piso non se pechou, pero aínda así quero explicar exactamente que pasa con ese piso.

Ese piso é propiedade do Concello. O servizo de Benestar Social do Concello pagaba 5.630 euros mensuais para que cinco mulleres durmieran e a concelleira daquela, D^a María Méndez, estaba de acordo comigo. Abríase ás dez da noite e ás 8 e media de mañá se lles dicía ás señoras que abandonaran a casa e saíran á rúa e ían onde podían; diante dunha igrexa que hai en Rosalía de Castro estaban algunhas.

Á vista de todo isto buscamos a forma de poder atender a esas señoras. A min sinceramente, non sei se pola miña condición de muller ou por seren como son, parecíame unha inmoralidade que ás 8 e media da mañá tivesen que saír á rúa. Hai unha señora que ten cancro e estivemos buscando a forma de que puidese estar atendida, aínda que fose facendo gancho ou vendo a tele, pero que non fose á rúa. Consequimos que na Praza da Pedra, onde hai unha pensión, poidan estar todo o día, pasamos de cinco a sete prazas, poden estar onde queiran. Se quixeran ir ao piso poderían, pero optaron por ir todas para alí, deixóuselles elixir a elas. Están atendidas exactamente igual polo mesmo persoal, a mesma traballadora social, a mesma psicóloga, a mesma pedagoga, o mesmo

acompañamento, está a Asociación de axuda contra o cancro botándonos unha man e non só están as cinco, senón que son sete as persoas atendidas.

Dos 5.630 euros que nos custaba ese piso que estaba xestionando unha determinada empresa, agora estamos pagando 3.100 euros.

* PREGUNTA DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA EN RELACIÓN CO PECHE DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Malia que a concelleira algo dixo de que o CAT ía pasar depender do Liste, o que xa lles aviso que é a súa defunción porque o CAT non ten nada que ver co Museo Liste, nós presentamos a seguinte pregunta: por que o goberno municipal decidiu o peche do CAT, Centro de Artesanía Tradicional, e cales son os plans que o goberno ten para seguir avanzando como se fixo nos catro anos anteriores na recuperación e posta en valor do noso patrimonio histórico.

A PRESIDENCIA: Contestaremos por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta e oito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

S.Ordinaria 26.09.11

